



CANDIDATURA PROGRAMA DE ACCIÓN COSTEIRA  
2007 - 2013

# SOSTIBILIDADE COSTEIRA – SOSTIBILIDADE DA RÍA

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA



PROGRAMA ESTRATÉGICO ZONAL RÍA DE PONTEVEDRA





## PRESENTACIÓN

### 0. - IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

A.- DATOS IDENTIFICATIVOS.

B.- PERSONALIDADE XURÍDICA E COMPOSICION.

B.1.- COPIA COMPULSADA DA ACTA CONSTITUINTE.

B.2.- COPIA COMPULSADA DOS ESTATUTOS.

B.3.- RELACIÓN DE ASOCIADOS.

B.4.- COMPOSICIÓN ACTÚAL DO ÓRGANO DECISORIO

B.5.- CARGOS ELECTOS: COPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE

B.6.- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA A ASOCIACIÓN EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS REFERIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCÍONS DE GALIZA.

B.7.- DECLARACIÓN COMPROMISO DO EMPREGO DO GALEGO.

C.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO GRUPO.

C.1.- EXPERIENCIA EN XESTIÓIN EN PROGRAMAS E PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS OU DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DESENVOLVIDOS POLAS ENTIDADES INTEGRADAS NO GAC.

C.2.- EXISTENCIA DUN EQUIPO TÉCNICO VINCULADO Á ASOCIACIÓN.

C.3.- ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS DO SECTOR PESQUEIRO DA ZONA

C.4.- ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E DINAMIZACIÓN LEVADAS A CABO POLAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA ASOCIACIÓN.

C.5.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COMPLEMENTARIEDADE CON OUTRAS ASOCIACIÓNS QUE EXISTAN NO TERRITORIO

C.6. CRITERIOS DE XÉNERO: REPRESENTACIÓN FEMININA NOS CARGOS DA ASOCIACIÓN.

### I.- DIAGNOSE ESTRATÉXICA.

I.1 ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN

I.1.1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

I.1.2.- ANÁLISE DO MEDIO NATURAL.





- I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.
  - a.- VOLUME E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN.
  - b.- EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.
  - c.- ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA..
  - d.- NIVEL DE INSTRUCCIÓN.
  - e.- INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA.
  - f.- TECIDO ASOCIATIVO.
  - g.- ELEMENTOS CULTURAI PROPRIOS DO TERRITORIO.
- I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO.
- I.1.5.- ANÁLISE SECTORIAL.
- I.1.6.- INDICADORES CONXUNTOS DO TERRITORIO.

- I.2.- ANÁLISE DE DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TERRITORIO.
- I.3. PREVISIÓN DE CREACIÓN DE EMPREGO

## II.- PROPOSTA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN

- II.1.- OBXECTIVOS.
- II.2.-LIÑAS DE ACTUACIÓN.
- II.3.- INDICADORES.
- II.4.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS.
- II.5.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.
- II.6.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

## III.- IMPLEMENTACIÓN E XESTION DO PROGRAMA.

- III.1. PLAN FINANCEIRO
- III.2. CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN





III.3.- PLAN DE XESTIÓN: MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA.

III.4.- GASTOS DE XESTIÓN.

III.5.- PLAN DE AVALIACIÓN

III.6.- PLAN DE SEGUIMENTO E CONTROL DE PROXECTOS

III.7.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

## IV.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ.

IV.1. MECANISMOS PARA GARANTIR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: PLAN DE IGUALDADE

IV.2. ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA.

IV.4.- SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO E DO GAC MÁIS ALÁ DA XESTIÓN DO PROGRAMA





# 0. PRESENTACIÓN

5

O traballo desenvolvido todos estes anos pola Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II - Comarca de Pontevedra (ADR), aplicando o enfoque Leader na comarca amosou que as subvencións públicas son algo máis que unha escusa para o desenvolvemento dun territorio concreto, xa que poden influenciar en grande maneira, sobre outros programas nacionais, rexionais e comunitarios e sobre o investimento privado.

O enfoque chamado “ascendente”, constatouse como un instrumento primordial para reunir organizacións públicas, privadas civís e “políticas” que funcionan nun territorio concreto e para crear métodos e hábitos de traballo colectivo - o que chamamos gobernanza do desenvolvemento local -. Neste senso, estableceuse un sentido de identidade local que vai máis aló das estreitas fronteiras territoriais municipais.

As competencias adquiridas pola ADR neste período anterior, anímans a afrontar de novo, con grande ilusión e sentido da responsabilidade, outros retos cara a preparación e aplicación da estratexia desenvolvemento territorial con fondos FEP.

O valor engadido dos programas que utilizan o enfoque Leader, como é o caso do Eixe 4 do FEP, reside na forma en cómo se poñen en práctica e se entrelazan as accións, en e por medio das comunidades pesqueiras.

A través do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, esta estratexia de participación mobiliza o coñecemento, enerxía e recursos dos actores locais cara o desenvolvemento local endógeno. A maiores, aplicarase unha estratexia complementaria e integrada de cooperación e establecemento de redes e difusión de boas prácticas, baseada na participación entre axentes, sectores e accións, e coherente coas necesidades da zona de pesca en termos de **sostibilidade socio- económico- ambiental**.

Se o obxectivo principal do Eixe 4 é usalo como unha ferramenta para a construción de capacidade organizativa das zonas pesqueiras, tamén implica que se desenvolva confianza, estruturas a longo prazo, experiencia e especialización no Grupo de Acción Costeira, en definitiva **sostibilidade da organización**.



PROGRAMA ESTRATÉGICO ZONAL RÍA DE PONTEVEDRA





## A. Datos identificativos

### A.1.- DENOMINACION COMPLETA.

GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA

### A.2.- DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, FAX E ENDEREZO DE CORREO e.

**Domicilio social (provisional):** Concello de Marín. Avda. de Ourense s. n. Marín

**A efectos de notificación:** Teléfono / fax: 886 21 30 15

**e.correo:** [gac6@accioncosteira.es](mailto:gac6@accioncosteira.es)

**Páxina web:** [www.adrproderpontevedra.org](http://www.adrproderpontevedra.org)

### A.3.- NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL

**C.I.F:** G – 36.593.606





## B. PERSONALIDADE XURÍDICA E COMPOSICIÓN

**B.1.- COPIA COMPULSADA DA ACTA CONSTITUÍNTE** ([ANEXO B.1. ou prema aquí](#)).

**B.2.- COPIA COMPULSADA DE ESTATUTOS** ([Anexo B.2. ou prema aquí](#)).

### Características:

- ☀ Estatutos adaptados a Lei orgánica de asociacións 1/2002
- ☀ Creados tomando como referencia os estatutos propostos pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na Guía de Elaboración da Candidatura e a experiencia da ADR.
- ☀ Adaptados ao grupo segundo os acordos das Mesas Sectoriais e Xunta Xestora
- ☀ Revisados polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.





## B.3.- RELACIÓN DE ASOCIADOS

O Grupo de Acción Costeira constituíuse o día 2 de outubro de 2008 nunha Asemblea que contou coa participación de 50 entidades. Achéganse fichas das entidades asociadas ANEXO B.3 ou prema enbaixo.

SECTOR PESQUEIRO

SECTOR PÚBLICO

SECTOR SOCIAL

SECTOR ECONÓMICO

## B.4.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DECISORIO

Na Asemblea Constituinte elixiuse a composición da Xunta Directiva como ratificación da proposta de representantes presentada por cada unha das Mesas Sectoriais. Achégase [ANEXO B.4.: Certificación da elección do órgano decisorio ou prema aquí.](#)





# IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA 9



## M. S. ECONÓMICA E LABORAL

2 representantes:  
José Conde – AMAPO  
Didier Maurice Albert –  
Estación Náutica Rías  
Baixas

## SECTOR PÚBLICO

4 representantes dos  
Concellos:  
Laura Ogando  
Catalina González Bea  
Franciso A. Veiga  
Consuelo Besada

## SECTOR SOCIAL

Manuel Portela:  
ASOC.  
CULTURAL E  
DEPORTIVA  
TENLO

Carmen Rodal  
– Asoc de  
Mulleres  
Viuvas  
demócratas de  
Vigo (Bueu)

Antón  
Rodríguez  
Folgar -  
GREMMAR

## SECTOR PESQUEIRO

Manuel Otero Otero -  
CONFRARÍA BUEU  
José A. Gómez Castro -  
CONFRARÍA PORTONOVO  
M<sup>a</sup> Carmen Vázquez Nores -  
CONFRARÍA LOURIZÁN  
Miguel Anxo Pazos Barros  
CONFRARÍA SAN TELMO  
Andrés Guiance - ASOC.  
ARMADORES MARÍN  
Enrique González López -  
CONFRARÍA MARÍN  
Ramón Portela Carballa -  
CONFRARÍA RAXÓ  
Mario Garea Pérez -  
CONFRARÍA SANXENXO  
Xulián Ferradás Vilas -  
ARTESANOS DO MAR

Xunta Directiva





## B.5.- CARGOS ELECTOS:

PRESIDENCIA: José Antonio Gómez Castro. Patrón Maior de Portonovo  
[ANEXO B.5. Copia compulsada do DNI do representante legal ou prema aquí.](#)

VICEPRESIDENCIA: Laura Ogando Muñiz. Concelleira de Benestar Social e Igualdade de Bueu

SECRETARÍA: Consuelo Besada Lores. Primeira Tenente de Alcalde de Poio

TESOUREIRÍA: Catalina González Bea. Alcaldesa de Sanxenxo





**B.6.- Declaración de non estar incurso a Asociación en ningunha das circunstancias referidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ([Anexo B.6. ou prema aquí](#)).**

**B.7.- Compromiso de emprego do galego ([Anexo B.7. ou prema aquí](#))**



## C. Criterios de avaliación do grupo

### C.1.- EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE PROGRAMAS E PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS OU DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DESENVOLVIDOS POLAS ENTIDADES INTEGRANTES DO GAC.

Entre as entidades que constitúen o Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra hai moitas que xa teñen experiencia en participación en programas de desenvolvemento do territorio, en particular, no programa LEADER ou PRODER. Todos os concellos e moitas das entidades dos sectores económico e social participaron activamente nestes programas no período 2000 – 2006 ou incluso foron beneficiarios de axuda polo que coñecen o seu funcionamento e mecanismos de xestión.

Ademais son varias tamén as entidades que lideraron outras iniciativas de desenvolvemento de proxectos financiados con fondos europeos. En particular, os concellos que integran o grupo teñen ampla experiencia neste tipo de proxectos. Sirva, como exemplo, a experiencia acreditada polo Concello de Marín que no que se refire aos últimos catro anos:

ENTIDADE	EXPITE.	FONDOS	PROXECTO	ORZAMENTO
CONCELLO DE MARÍN	842/07 - b	FEDER 2007 - 2013	ARELA: Actuacións de rexeneración urbana e integración ambiental do río Lameira	4.005.000,00 €
	667/05	PRODER II	Intervención arqueolóxica no monumento megalítico de Chan de Armada I: Senda das Mámoas do Morrazo	68.431,68 €
	395/04 - 2º	PRODER II	Restauración de lavadoiros	135.600,00 €
	180/07	PDPT - TERRAS DE PONTEVEDRA	Paseo Escola Naval - Portocelo	271.220,34 €
	22/08 - A	PPC - 2008	Saneamento en Casás - Lapamán	54.547,60 €
	22/08 -B	PPC - 2008	Pavimentación do Camiño do Marco e Vilaseca - Xuncal	23.531,44 €





## C.1.- EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE PROGRAMAS E PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS OU DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DESENVOLVIDOS POLAS ENTIDADES INTEGRANTES DO GAC.

Tamén as confrarías participan en programas financiados con fondos europeos, especialmente, naqueles de finalidade social coma é o proxecto EQUAL no que participou a Confraría San Roque de Portonovo da man da Consellería de Pesca e o CETMAR: EMBÁRCATE ( 2002 – 2006)

Por outra banda, o Grupo de Acción Costeira propón a formalización dun convenio de colaboración coa Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II Comarca de Pontevedra (en adiante, ADR) para o apoio técnico na xestión do programa. A ADR ven de xestionar o programa PRODER II nos concellos de Barro, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa durante o período 2000 - 2006. Achégase [Anexo C.1.3. Proposta de convenio de colaboración GAC - ADR ou prema aquí.](#)

Ademais como se explica no apartado de equipo de xestión, o persoal específico para a xestión do programa do que dispoña o grupo estará apoiado por unha rede de técnicos achegados polos socios que incrementan a experiencia do equipo na xestión de programas europeos. Ademais esta rede de técnicos de Apoio farán as tarefas de Antenas Locais como se lles chama no Plan de Información e Publicidade do Programa, é dicir, polo seu posto de traballo a nivel municipal teñen un maior contacto cos posibles emprendedores e poden facer de primeiro contacto dos emprendedores co Grupo de Acción Costeira, incrementando as posibilidades de difusión do programa. Estas Antenas Locais pertencerán á estrutura administrativa das entidades asociadas ao Grupo, especialmente, confrarías e concellos.





## C.2.- EXISTENCIA DUN EQUIPO TÉCNICO VINCULADO Á ASOCIACIÓN.

O convenio de colaboración entre o Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra e a Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II Comarca de Pontevedra contempla a prestación de servizos de asistencia técnica por parte do persoal da ADR con experiencia en xestión do programa de desenvolvemento rural PRODER II da Comarca de Pontevedra ao Grupo de Acción Costeira ([Anexo C.1.3. Proposta de convenio de colaboración GAC ADR ou prema aquí](#)).

Deste xeito se garante que o Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra disporá dun equipo técnico formado alomenos por xerente e administrativo, con experiencia na xestión de programas de desenvolvemento financiados con fondos europeos.





## C.3.- ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS DO SECTOR PESQUEIRO.

Dende as primeiras xestións que se fixeron para a constitución do Grupo de Acción Costeira estiveron presentes como membros da entidade promotora primeiro e despois da Asemblea Preconstituínte como membros da xestora para a constitución do grupo, a meirande parte das entidades representativas do sector pesqueiro no territorio.

RELACIÓN DE ENTIDADES DO SECTOR PESQUEIRO NA XESTORA ([Anexo C.3.1. ou prema aquí](#))

Durante o proceso de difusión da creación do grupo e de constitución do mesmo e elaboración a estratexia se foron incorporando varais entidades máis, basicamente asociacións de produtores, chegándose a un total de dezaseis entidades representativas do sector pesqueiro que figuran na base de datos elaborada con todas aquelas entidades interesadas en participar no grupo.

RELACIÓN DE ENTIDADES interesadas en participar no grupo DO SECTOR PESQUEIRO ([Anexo C.3.2. ou prema aquí](#)).

Sen embargo, non todas estas entidades finalmente son socias fundadoras do grupo xa que algunhas delas, por diversos motivos, non puideron asistir á Asemblea Constituínte. A súa incorporación queda pendente de que formulen unha solicitude de adhesión ao grupo xa constituído.

RELACIÓN DE ENTIDADES DO SECTOR PESQUEIRO admitidas na reunión da Xunta Directiva do 10 de outubro de 2008 ([Anexo C.3.3. ou prema aquí](#))..





## C.4.- ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN E DIFUSIÓN LEVADAS A CABO POLAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA ASOCIACIÓN.

A primeira reunión no territorio sobre a constitución do Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra tivo lugar no mes de xullo de 2008 a raíz dunha reunión mantida cos axentes do territorio no CETMAR, en Vigo. No Concello de Marín, o día 14 de xullo acordouse o inicio do proceso constituínte do Grupo nunha reunión na que estaban presentes representantes dos catro concellos da Ría que integran o Grupo e representantes do sector pesqueiro. Acudiu tamén un representante da ADR que dende entón se integrou na comisión xestora para a elaboración da candidatura do territorio ao programa de Acción costeira.

Nesa reunión, da que polo seu carácter informal non se levantou acta acordouse:

- ☀ Convocar unha asemblea preconstituínte do Grupo de Acción Costeira o día 22 de xullo.
- ☀ Os concello farían a labor de animación e difusión para convocar a representantes dos sectores económico e social á asemblea constituínte.
- ☀ Os representantes presente do sector pesqueiro (Confraría de Portonovo, Confraría de Raxó, Lonxa de Campelo, Confraría de Marín e Confraría de Bueu) encargaríanse de dinamizar a participación entre os membros do sector pesqueiro.

Dende entón comezou o proceso de constitución do grupo e de elaboración da candidatura.

Na data do 22 de xullo tivo lugar no Concello de Marín, logo dunha ampla labor de convocatoria de axentes do territorio por parte dos concellos e da difusión do acto na prensa local. Nesta reunión expuxéronse os obxectivos do programa e elixiuse a xunta xestora encargada de coordinar as labores de constitución do grupo e de elaboración da candidatura ([Achégase Anexo C.4.1.Relación de asistentes á Asemblea Preconstituínte ou prema aquí](#)).





# IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA 17

## C.4.- ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN E DIFUSIÓN LEVADAS A CABO POLAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA ASOCIACIÓN.



### XUNTA XESTORA DO GAC 6 (Anexo C.4.2.)

MESA SECTORIAL	CONCELLO	ENTIDADE	REPRESENTANTE
PÚBLICO	BUEU	CONCELLO DE BUEU	Félix Juncal Novas / Laura Ogando
PÚBLICO	SANXENXO	CONCELLO DE SANXENXO	Manuel López Méndez
PÚBLICO	MARÍN	CONCELLO DE MARÍN	Francisco A. Veiga
PÚBLICO	POIO	CONCELLO DE POIO	Luciano Sobral / Consuelo Besada
PESQUEIRO	BUEU	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE BUEU	José Barreiro Gómez
PESQUEIRO	POIO	Lonxa de Campelo	Carlos Rodríguez Barreiro
PESQUEIRO	SANXENXO	CONFRARÍA DE PORTONOVO	José A. Gómez Castro
PESQUEIRO	POIO	CONFRARÍA DE RAXÓ	Ramón Portela Carballa
PESQUEIRO	Pontevedra	CONFRARÍA DE LOURIZÁN	Ramón García Bermúdez
PESQUEIRO	Pontevedra	CONFRARÍA DE PONTEVEDRA	Miguel Anxo Pazos Barros
PESQUEIRO	MARÍN	Asociación de Armadores de Marín	Andrés Guiance Parada
PESQUEIRO	MARÍN	Confraría de Marín	José Luis Santiago Pereira
ECONOMICA E LABORAL	MARÍN	Asociación de Comerciantes Estrela de Marín	Antonio Pesqueira
SOCIAL	MARÍN	Asociación cultural e deportiva TENLO	Xosé Manuel Portela Pazos
SOCIAL	PONTEVEDRA	GREMMAR: Grupo de Rescate e Estudio dos Mamíferos Mariños	Antonio Rodríguez Folgar
EQUIPO TÉCNICO			Laura Nieto Zas María Jesús Rodríguez Freire



# IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA 18

## C.4.- ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN E DIFUSIÓN LEVADAS A CABO POLAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA ASOCIACIÓN.

A primeira reunión da Xunta Xestora tivo lugar o día 30 de xullo na sede da Autoridade Portuaria de Marín, lugar que estableceu de común acordo para a celebración das reunións do Grupo. Nesta reunión aprobouse a colaboración da ADR na elaboración da candidatura, aprobouse o calendario ou plan de traballo e comezouse a traballar nos estatutos do Grupo de Acción costeira (Achégase [Anexo C.4.3. Calendario de elaboración da candidatura ou prema aquí](#)).

(Achégase [Anexo C.4.4. Listado de asistentes á Xunta Xestora do 29 de xullo de 2008](#)).

Coa colaboración dos concellos e de todos os membros da xestora abordouse a seguinte fase na elaboración da candidatura que consistiu en dar a coñecer o programa de acción costeira. Con este obxectivo durante o mes de agosto desenvóléronse reunións informativas nos catro concellos ([Anexo C.4.5.0. Carta convocatoria ás reunións informativas](#)). En cada unha delas entregouse aos asistentes información sobre o mecanismo de participación e tamén recolléronse os datos dos asistentes interesados en participar no proceso constituínte do grupo para seren convocados a partir deste intre pola ADR as diferentes reunións sectoriais que constitúen a seguinte fase do proceso constituínte (Achégase Anexo C.4.5.1/ 4: Listados de asistentes ás reunións locais de difusión e Anexo C.4.6.1: Presentacións nas reunións de difusión de Bueu e Marín e Anexo C.4.6.2: Presentacións nas reunións de difusión de Poio e Sanxenxo).

DATA	CONCELLO	LISTADO ASISTENTES	PRESENTACIÓN
19-ago-08	BUEU	<a href="#">Anexo C.4.5.1.</a>	<a href="#">DIFUSIÓN GAC PONTEVEDRA</a>
20-ago-08	MARÍN	<a href="#">Anexo C.4.5.2.</a>	<a href="#">DIFUSIÓN GAC PONTEVEDRA</a>
21-ago-08	SANXENXO	<a href="#">Anexo C.4.5.3.</a>	<a href="#">DIFUSIÓN GAC PONTEVEDRA V02</a>
27-ago-08	POIO	<a href="#">ANEXO C.4.5.4.</a>	<a href="#">DIFUSIÓN GAC PONTEVEDRA V02</a>





1ª ROLDA  
REUNIÓNS  
SECTORIAIS

**ELABORACIÓN ESTRATEXIA**

**DIAGNOSE DO TERRITORIO**

**LIÑAS DE ACTUACIÓN**

**PROXECTOS DO PROGRAMA**

**AGOSTO /  
SETEMBRO 2008**

2ª ROLDA  
REUNIÓNS  
SECTORIAIS

**CRITERIOS VALORACIÓN PROXECTOS**

**XESTIÓN DO PROGRAMA**

**RATIFICACIÓN/ ELECCIÓN DE REPRESENTANTES**

**SETEMBRO /  
OUTUBRO 2008**

**ASEMBLEA CONSTITUÍNTE**



**PROGRAMA ESTRATÉGICO ZONAL RÍA DE PONTEVEDRA**





A·D·R  
ASOCIACIÓN DE DESARROLLO RURAL  
PRINCIPAL - COMARCA DE PONTEVEDRA

## IDENTIFICACIÓN DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA 20

### C.4.- ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN E DIFUSIÓN LEVADAS A CABO POLAS ENTIDADES PARTICIPANTES NA ASOCIACIÓN.

Na data do 29 de agosto de 2008 tivo lugar unha reunión da xunta Xestora para dar conta do sucedido nas reunións de difusión. O proceso levado a cabo considerouse exitoso xa que se conseguiu pasar de 35 interesados – asistentes á reunión preconstituínte - a 77. (Achégase [Anexo C.4.7. Listado asistentes Xunta Xestora ou prema aquí](#)).

A partir deste momento comezou a seguinte fase de elaboración da candidatura consistente nas reunións sectoriais.

Fixéronse dúas roldas de reunións sectoriais na que se plantexaron como obxectivos abordar secuencialmente aspectos clave da constitución do grupo e da elaboración do programa (Achégase [Anexo C.4.8.1 / 8 Listado asistentes Mesa Sectoriais ou prema aquí](#)).

Ao finalizarmos cada unha das roldas de mesas sectoriais se reuniu á Xunta Xestora para abordar conxuntamente as suxestións propostas polas mesas e se repartían os documentos elaborados a todos os interesados (Achégase [Anexo C.4.9.1 Presentacións nas Mesas Sectoriais e resumo Xunta Xestora – 1ª Rolda](#) e Anexo c.4.9.2. [C.4.9.1 Presentacións nas Mesas Sectoriais e resumo Xunta Xestora – 2ª Rolda](#) ou prema aquí).

Finalmente na data do 2 de outubro reuniuse a Asemblea Constituínte coa seguinte orde do día: aprobación da relación de socios fundadores, aprobación da constitución do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, aprobación de estatutos e aprobación da Candidatura ao Programa de acción costeira e delegación na Xunta Directiva da súa aprobación final. A reunión pechouse logo de abordar o último punto de rogos e preguntas (Achégase [Anexo C.4.10. Presentacións na Asemblea Constituínte ou prema aquí](#)).

Achégase [Anexo C.4.11. Dossier de prensa ou prema aquí](#).





## C.5.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COMPLEMENTARIEDADE CON OUTRAS ASOCIACIÓN S QUE EXISTAN NO TERRITORIO.

A constitución do Grupo de Acción Costeira no territorio é un feito innovador para o sector pesqueiro mais non o é para os restantes colectivos sociais, económicos e público que integran o grupo. A meirande parte deles participan tamén noutros programas de desenvolvemento co mesmo enfoque de participación cidadá coma foi o programa PRODER II no período 2000 – 2006 e ata a data actual, na elaboración da candidatura para o programa LEADER Galicia 2007 - 2013.

En particular a Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II - Comarca de Pontevedra é a máis veterana no territorio e estabalecéronse lazos con ela para aproveitar a experiencia e crear mecanismos de complementariedade no territorio.

Tamén como se explicará máis adiante, está previsto a sinatura dun convenio co novo Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra – O Morrazo que se constituíu no territorio de forma paralela ao Grupo de Acción Costeira. O GDR 19 – que inda non conta con este recoñecemento por parte da Consellería do Medio Rural solicitou ser socia do GAC Ría de Pontevedra, mais seguindo instrucións da Consellería de Pesca no Seminario formativos que mantivo cos GACs, non se admitiu como socia xa que se prefire crear con estes grupos acordos para a coordinación das actuacións das dúas entidades.

Achégase [Anexo C.5.1. Proposta de convenio co GDR 19 ou prema aquí.](#)

Achégase [Anexo C.1.3. Proposta de convenio de colaboración GAC - ADR ou prema aquí.](#)





## C.6.- CRITERIOS DE XÉNERO: REPRESENTACIÓN FEMININA NOS CARGOS DA ASOCIACIÓN.

No contexto do sector pesqueiro galego, o da Ría de Pontevedra non é unha excepción e custa atopar unha representación feminina nos cargos representativos da entidades do sector pesqueiro. Este feito non é máis que o reflexo da baixa participación da muller no ámbito laboral e, particularmente, no desempeño de cargos directivos. Sirva como dato que da cincuenta entidades que compoñen o corpo societario do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, tan so 14 teñen como representante a unha muller, o que supón o 28 %

A representación feminina na Xunta Directiva non conseguiu mellorar esta porcentaxe e así dos 18 membros da Xunta soamente cinco son mulleres. De novo se repite a porcentaxe do 28 %.

Este desequilibrio tentouse e conseguiu escorar cara o lado oposto coa elección dos cargos representativos da Asociación de xeito que dos catro órganos de goberno unipersoais da entidade tres son mulleres, acadándose unha porcentaxe do 75 %





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA


## I.1. ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN

### I.1.1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

O territorio do GAC Ría de Pontevedra inclúe os termos municipais dos Concellos de Bueu, Marín, Poio e Sanxenxo caracterizados por ter augas vertentes á Ría e marxe costeira, agás o Concello de Pontevedra. Limita ao norte coa Ría de Arousa e coa cunca fluvial do Umia, o sur coa Ría de Vigo e coa cunca fluvial do Verdugo e o leste coa cunca fluvial do Lérez que verte as súas augas neste territorio.

Concello	Comarca	Extensión (Km <sup>2</sup> )	Lonxitude de costa (km.)	Parroquias
Bueu	Morrazo	30,82	18	5
Marín	Morrazo	36,7	15	7
Poio	Pontevedra	34	14	5
Sanxenxo	Salnés	44	36	7

Este territorio concorda cunha área funcional con fortes relacións intermunicipais e intercomarcais.



R16: Ría de Pontevedra / GAC 6  
273: Cunca fluvial do río Lérez



# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## I.1.2.- ANÁLISE DO MEDIO NATURAL.

O territorio do GAC recolle as dúas bandas da Ría de Pontevedra. A súa homoxeneidade xeográfica é notable e a súa singularidade xunto co resto das Rías Baixas é froito dos procesos tectónicos antigos que provocaron estes vales afundidos, de profundidade moderada que forman costas transversais pola penetración do mar neles e que están afectados polos movementos das mareas que provocan a mestura de auga doce e salgada no seu interior.

O ámbito territorial do GAC – 6 ten unha superficie de 145,52 km<sup>2</sup> e o seu ámbito acuático un volume de 3.937 Hm<sup>3</sup>. A ría ábrese cara ó oeste, entre Cabo de Udra ó sur e Punta Cabicastro, ó norte para irse estreitando cara o nordeste ata rematar na cidade de Pontevedra. A súa profundidade redúcese tamén progresivamente ata a illa de Tambo, que foi un antigo lazareto ata o seu traslado a San Simón. Dende Marín, ata o remate da cabeceira a profundidade vaise reducindo a non máis de 4 m. e con escasa pendente. Neste último sector evidénciase o recheo de depósitos fluviais e nas beiras da ría a vexetación de marisma.

O perfil da costa alterna praias de singular beleza e pequena extensión, cantís e humidais. As illas afloran preto da costa como prolongacións das elevacións montañosas do interior. As máis importantes: o Monte Castrove e o Monte Xaxán, constitúen perfectos observatorios da Ría, inda que o mellor sen dúbida é a Illa de Tambo dende a que se domina todo o espazo acuático da Ría de Pontevedra.



Ría de Pontevedra/GAC 6: Coord xeográficas:  
42º18' - 42º25'N e 8º40' - 8º55'00''







# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

25

## I.1.2.- ANÁLISE DO MEDIO NATURAL.


A litoloxía é uniforme. Os materiais graníticos son a base da práctica totalidade do territorio unicamente alterada pola a corrida de gneis e xistos que con inclinación nordeste atravesa Poio, Bueu e tamén Sanxenxo.

O perfil da costa alterna praias de singular beleza e pequena extensión, cantís e humidais. As illas afloran preto da costa como prolongacións das elevacións montañosas do interior. As máis importantes: o Monte Castrove e o Monte Xaxán, constitúen perfectos observatorios da Ría, inda que o mellor, sen dúbida, é a Illa de Tambo dende a que se domina todo o espazo acuático da Ría de Pontevedra.

O territorio presenta un clima oceánico caracterizado por unha forte humidade e abondosas choivas. Temperaturas suaves, elevadas con respecto ao resto de Galicia debido a súa situación latitudinal. A proximidade do océano supón unha regulación do réxime térmico e pluviométrico.

A precipitacións anuais oscilan no entorno dos 1600 mm. Anuais e a temperatura media é de 14,8 °C. A temperatura media das máximas nos meses de verán supera os 25 °C.

Como norma xeral, a estación chuviosa coincide co período máis frío, mentres que os meses secos identifícanse co período máis cálido o que reduce considerablemente a capacidade produtiva da estación.





## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: hidroloxía

Os concellos litorais da ría de Pontevedra caracterízanse por unha rede hidrográfica difusa: múltiples regatos de pequeno percorrido que desembocan directamente na Ría formando pequenas calas ou humidais.

Na península do Castrove destacan os regos Baltar, FAbaiños, Valiexos, Navalón e Miraflores en Sanxenxo e os Regos do Mouro, Cancela, Covelo e Freixa en Poio.

Na península do Morrazo son o Río Loira en Marín e en Bueu o Bispo, os máis destacados.

As actividades humanas que alteran o réxime hídrico e as condicións físicas e biolóxicas das canles que os levan son moitas e variadas, por desgracia, frecuentes no noso territorio: captacións de auga, barreiras nos couces, verquidos incontrolados,...

	VELOCIDAD DE LA CORRIENTE	TEMPERATURA	pH	OXÍGENO DISUELTUO	ALTERACIÓN DE FREZADEROS	SEDIMENTACIÓN DE FINOS	TOXICIDAD	SÓLIDOS EN SUSPENSIÓN	EUTROFIZACIÓN	OBSTRUCCIÓN AL DESPLAZAMIENTO	ALTERACIONES GENÉTICAS	DESEQUILIBRIOS POBLACIONALES	ENFERMEDADES Y PARASITOS	INTRODUCCIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS	MORTALIDAD DAÑOS DIRECTOS
CAPTACIONES DE CAUDAL	●	●		●	●	●		●		●					
TURBINADO															●
REGULACION DE CAUDALES	●	●		●	●	●		●		●					
DETRACCION DE CAUDALES	●	●		●	●	●		●		●					
DRAGADOS					●	●	●	●							●
DRENAJES DEL TERRENO	●				●	●	●	●	●						
EFLUENTES AGRARIOS Y FORESTALES			●	●		●	●	●	●						
EFLUENTES URBANOS			●	●		●	●	●	●						
EFLUENTES INDUSTRIALES		●	●	●		●	●	●	●						
EXTRACCION DE GRAVAS Y ARIDOS					●	●		●							
ALTERACIONES DE LA VEGETACION RIPARIA	●	●	●												
CAMBIOS EN LA VEGETACION ACUÁTICA	●		●	●		●		●							
CONSTRUCCION DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS				●	●	●	●	●		●					
PASO DE VEHICULOS POR EL CAUCE					●	●		●							●
PESCA												●			
REFUERZOS POBLACIONALES/REPOBLACIONES											●	●	●	●	
CENTROS DE ACUICULTURA	●	●	●	●		●	●	●	●		●		●	●	●

Adaptado de Crisp (1993b)






## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Flora

Inda que a vexetación potencial dominante se corresponde cunha carballeira densa de carballos cun abundante cortexo de especies arbóreas e arbustivas, que alternan nos vales con ameneiros e salgueiros, a vexetación actual dominante é o disclimax de piñeiros e eucaliptos, especialmente estes últimos en notable expansión que medra en máis dun 10 % en cada vaga de lumes.

O carácter invasor do eucalipto é un dos factores que máis contribúe na definición da paisaxe forestal galega mais tamén hai outras especies que invaden o territorio desprazando á vexetación autóctona inda que en moita menor porcentaxe: acacia negra, *cortaderia* ou *carpobrotus* son algunhas das máis frecuentes no ámbito territorial do GAC 6. Por isto, a loita contra as invasoras é tamén unha medida de conservación e mellora do medio ambiente neste ámbito.

Tamén o estado fitosanitario estase a converter nunha preocupación dos xestores forestais, mais sen dúbida o principal problema da conservación do monte galego é o lume.



FORMACIÓN FORESTAL	SUPERFICIE (ha)	%
<i>Eucalyptus globulus</i>	23.909,47	26,86
Monte desarborado	16.704,47	18,77
<i>Pinus pinaster</i> e <i>Eucalyptus globulus</i>	15.918,16	17,89
<i>Pinus pinaster</i>	11.623,88	13,06
<i>Pinus pinaster</i> , <i>Eucalyptus globulus</i> e <i>Quercus robur</i>	8.365,03	9,4
Mato con arborado ralo e disperso	5.165,35	5,8
<i>Quercus robur</i> , <i>Eucalyptus globulus</i> e outras frondosas	4.652,27	5,23
<i>Quercus robur</i>	1.899,68	2,13
Árbores de ribeira	749,5	0,84
<i>Pinus pinaster</i> e outras frondosas	12,43	0,01
<i>Pinus sylvestris</i>	1,98	0,002

Datos do MFE para o Distrito Forestal 19 Pontevedra – Salnés.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

28

## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Fauna

O territorio inda que atópase totalmente na rexión atlántica sitúase no seu límite máis meridional en contacto coa liña de avance das especies mediterráneas o que da lugar á presenza de subespecies endémicas.

No que respecta aos invertebrados, as áreas marítimas albergan unha grande diversidade de invertebrados mariños, moitos dos cales constitúen recursos marisqueiros de grande valor económico (ameixas, berberechos, camaróns chocos, navallas, mexillóns, vieiras etc.) e que configuran diversos tipos de humidaís mariños. Na Ría de Pontevedra, os areas de Lourido e Placeres constitúen importantes bancos marisqueiros de ameixa e berberecho; mentres que Bueu, ademais dos bancos de ameixa rubia e vieira, acolle bateas de mexillón.



Polbo, Berberecho, Ameixa xaponesa, Navalla, Ameixa fina, Ameixa rubia, Ameixa babosa, Polbo cabezón, Ameixa bicuda, Cornicha, Choco, Carneiro, Ostra plana



Percebes, cigalas, centola





## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Fauna e 2

No conxunto de Galicia, a ictiofauna continental está representada por 12 especies autóctonas, xunto con 5 especies introducidas en tempos recentes. A ictiofauna mariña presenta unha maior diversidade que a continental. Nas pozas da zona mesolitoral media se encontran diversas especies depredadoras (*Lipophrys pholis*, *Corhyphoblennius galerita*), xunto con individuos xuvenís de *Parablennius gattorugine* e *Gobius paganellus*. É sen embargo na zona infralitoral onde os peixes mostran unha clara predominancia fronte ao resto dos grupos de fauna entre os que cabe resalta a maragota (*Labrus bergylta*), a porredana (*Crenilabrus melops*), os chafarrocas (*Lepadogaster lepadogaster*), etc.

Entre as especies mariñas existentes destacamos aquelas que aparecen como as máis comúns do territorio



Xuliana, Xarda, Rapantes, Pescada, Xurelo, Sardiña, Linguado, Faneca, Sargo común, Lirio e Abadexo

Existen no territorio 14 especies de réptiles dos 24 censadas en Galicia o que supón un 58,3% do total autonómico e 12 especies de anfibios das 14 presentes en Galicia, o que representa 85,7% dos anfibios.

No que as aves se refire, a maior parte das especies de aves peláxicas son invernantes ou migratorias, entre as que cabe destacar as poboacións de mascatos (*Sula bassana*), arao romeiro (*Alca torda*), soamente dúas son nidificantes habituais: a gaviota tridáctila (*Rissa tridactyla*) e o arao dos cons (*Uria algae ibericus*).





## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Fauna e 3

As aves mariñas costeiras desenvolven o seu ciclo biolóxico no medio costeiro, aínda que, frecuentemente, pódese velas nos humidais dos vales sublitorais ou das grandes depresións sedimentarias interiores. Entre o continxente de aves mariñas costeiras cabe resaltar o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), gaivota clara (*Larus argentatus*), gaivota oscura (*Larus fuscus*), todas elas nidificantes, así como entre as invernantes o corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*) e a gaivota (*Larus marinus*).

A fauna de mamíferos esta representada por unas 60 especies repartidas entre las familias *Erinaceidae*, *Soricidae*, *Talpidae*, *Rhinolphidae*, *Vespertilionidae*, *Leporidae*, *Sciuridae*, *Gliridae*, *Microtidas*, *Muridae*, *Canidae*, *Mustelidae*, *Viverridae*, *Felidae*, *Canidae*, *Suidae*, *Cervidae*, *Ziphiidae*, xunto con 5 familias de mamíferos mariños: *Physeteridae*, *Desphinidae*, *Phocaenidae* y *Balaenopteridae*. A maioría dos grandes mamíferos terrestres atópanse na cunca Galicia-Costa, sobre todo no caso do raposo (*Vulpes vulpes*), donosiña (*Mustela nivalis*), furón (*Mustela putorius*), foiña (*Martes foina*), **lontra (*Lutra lutra*)**, porco teixo (*Meles meles*) e gato algario (*Genetta genetta*).





## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: AS AUGAS

Tratándose dun programa de acción costeira, o medio acuático ten un especial interese sobre todo tendo en conta que o sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura son os seus principais destinatarios. Por isto, farase unha análise especial das augas a partir da Directiva marco de Auga 2000/60/CE e estudaranse as áreas protexidas en función do seu uso: zonas designadas para captacións de auga, zonas designadas para a protección de especies acuáticas significativas dende un punto de vista económico, zonas declaradas de uso recreativo e sensibles ou vulnerables e zonas designadas para a protección de hábitats ou especies.

### Zonas designadas para a captación de augas para consumo humano.

En Galicia – Costa, segundo o establecido no Plan Hidrolóxico de Galicia – Costa aprobado polo Real Decreto 103/2003 de 24 de xaneiro, todos os tramos de río son susceptibles de captar auga para a produción de auga potable e polo tanto, todas as masas de auga de ríos e embalse inclúense no rexistro correspondente a estas áreas protexidas e tamén todas as augas subterráneas.

### Zonas designadas para a protección de especies acuáticas significativas dende o punto de vista económico.

Estas zonas están reguladas pola **Directiva 79/923/CEE relativa a calidade esixida ás augas para cría de moluscos**. O obxecto da Directiva é a protección ou mellora da calidade das augas para a cría de moluscos e así contribuír a protección da saúde pública. Aplícase as augas costeiras e as augas salobres que requiren unha protección ou mellora para permitir a vida e o crecemento dos moluscos (bivalvos e gasterópodos).





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

32



A directiva obriga ao establecemento de programas para reducir a contaminación e asegurar que as augas declaradas se axusten os valores límite fixados e introduce parámetros físico- químicos, valores límite mínimos obrigatorios e de guía para a calidade mínima que deben respectar as augas para a cría de moluscos. A designación máis recente de zonas de Galicia efectuouse pola *Orden APA/1029/2003, de 23 de abril, polo que fanse públicas as novas relación de zonas de produción de moluscos e outros invertebrados mariños no litoral español.*

CÓDIGO	UBICACIÓN	ESPECIES DE REFERENCIA
GAL-10/1	ría de Pontevedra	Moluscos bivalvos bentónicos
GAL-10/2	parte interna ría de Pontevedra	Moluscos bivalvos bentónicos
GAL-26/1	ría de Pontevedra	Cultivos en viveiros
GAL-27/1	ría de Pontevedra	Cultivos en viveiros
GAL-28/1	ría de Pontevedra	Cultivos en viveiros

## Zonas declaradas de uso recreativo: augas de baño

A Directiva 76/160/CEE establecen os obxectivos de calidade con especificación dos parámetros físico – químicos, microbiolóxicos e valores límite mínimos correspondentes que deben respectar as augas de baño. Éixe a reducción da contaminación das augas de baño e a protección destas respecto dunha ulterior degradación. Obriga a adopción das disposicións necesarias para que a calidade das augas de baño axústese os valores límite, incluído o exame local das condicións existentes augas arriba (no caso de augas continentais correntes). As zonas de baño habilitadas no territorio do GAC 6 (*Decreto 240/2000, do 13 de setembro, polo que regúlase a declaración de zonas de baño habilitados na Comunidade Autónoma de Galicia* ) recóllense no [Anexo I.1.2.1 ou prema aquí.](#)







## Zonas declaradas sensibles no que respecta a nutrientes

Son dúas as directivas comunitarias que abordan esta cuestión. A Directiva **91/676/CEE** trasposta á lexislación española polo *Real Decreto 261/1996, de 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias* define zonas vulnerables por este concepto. Segundo *Resolución de 12 de abril de 2000 sobre declaración de zonas vulnerables na Comunidade Autónoma de Galicia*, declárase a **non existencia** de zonas vulnerables.

A Directiva **91/271/CEE** ten por obxecto a recollida, o tratamento e o verquido das augas residuais urbanas, así como o tratamento e verquido das augas residuais procedentes de sectores industriais que procesen produtos de orixe biolóxico. A Directiva en unha importancia clave para a protección do medio ambiente acuático e as zonas acuáticas protexidas de Galicia. Esta Directiva foi modificada pola Directiva 98/15/CE no seu anexo I relativo a especificación das concentracións e a redución mínima dos vertidos ás zonas sensibles. A Directiva 98/15/CE traspúxose á lexislación española polo *Real Decreto 2116/1998, de 2 de outubro*.

A única zona declarada como zona sensible en Galicia- Costa é a Ría de Pontevedra (*Resolución do Presidente de Augas de Galicia o 22 de maio de 2001*).

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FECHA DE LA DECLARACIÓN	PROVINCIA
ZS001	RÍA DE PONTEVEDRA	22/05/2001	Pontevedra

A este respecto, ás fontes puntuais de contaminación significativa atópanse diseminadas por toda a costa da Ría de Pontevedra xa que se consideran como tales os vertidos urbanos, os industriais biodegradables, os industriais de IPPC, os vertidos con substancias perigosas e as zonas de acuicultura e cultivos mariños. As actividades industriais orixinarias de vertidos a ter en conta concéntranse arredor das grandes cidades como neste caso a fábrica de celulosa ENCE.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

Ademais, débense considerar as alteracións morfolóxicas significativas, aquelas alteracións producidas polas obras costeiras marítimas e, en concreto, portos comerciais, portos pesqueiros e deportivos.

MAS en riesgo como consecuencia de presiones de:		MAS sometidas a presión significativa Porcentaje (absoluto)	
1	Fuentes puntuales	27,64%	(34)
1.1	Vertidos urbanos e industriais biodegradables	14,63%	(18)
1.2	Vertidos industriais de actividades IPPC	4,07%	(5)
1.3	Vertidos con sustancias peligrosas	3,25%	(4)
1.4	Zonas de acuicultura y cultivos marinos	12,20%	(15)
2	Alteraciones morfológicas	37,40%	(46)
2.1	Esclusas	0,81%	(1)
2.2	Puertos pesqueros y deportivos	35,77%	(44)
2.3	Puertos comerciales	3,25%	(4)

## Zonas designadas para a protección de hábitats ou especies

Estudaranse esta zonas no apartado seguinte de espacios naturais protexidos.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: ESPAZOS NATURAIS

Dentro do territorio da Ría de Pontevedra inclúense cinco espazos protexidos con diversas categorías, dende Parque Nacional, zonas ZEPA ou Lugares de Interese Comunitario incluídos na Rede Natura 2000. A porcentaxe de territorio protexido – case un 7 % - queda moi lonxe da media de Galicia que se sitúa no 12 %. Por isto, considérase de interese potenciar no territorio a declaración de figuras de protección para zonas de alto valor ecolóxico. A descrición de cada un deles aparece nos anexos ou premendo no nome do espazo. Sen dúbida os ecosistemas mariños son os grandes “protexidos” desta relación a que se lle da a máis alta protección – Parque Nacional na Illa de Ons dentro do ámbito de actuación do Grupo.



CATEGORÍAS DOS ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS DO TERRITORIO						
Espacio Natural	Concello	Categoría	Rede Natura 2000	Instrumento de Planificación	Data aprobación	Superficie Protexida (ha)
<a href="#">1. Marítimo Terrestre Illas Atlánticas de Galicia</a>	Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Vigo	PNAC	LIC e ZEPA	PORN (1999) PRUX en elab	01/07/2002	2.831,31
<a href="#">2. Cabo Udra</a>	Bueu e Cangas	ZEPN	LIC	PC en elaboración	02/04/2004	623,36
<a href="#">3. Complexo Ons – O Grove</a>	Bueu, Sanxenxo, O Grove, Meaño, Ribadumia, Cambados, A Illa de Arousa	ZEPVN	LIC	PC en elaboración	02/04/2004	7.506,75
<a href="#">4. Illa de Ons</a>	Bueu	ZEPVN	ZEPA	PC en elaboración	02/04/2004	924
<a href="#">5. Complexo Intermareal Umia – O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira</a>	Sanxenxo, O Grove, Meaño, Ribadumia, Cambados, A Illa de Arousa	HUMP	ZEPA	PC en elaboración	02/01/1990	2.813

**Categoría:** Parque Nacional (PNAC), Humidal Protexido (HUMP), Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). **Rede Natura 2000:** Zona de especial protección das aves (ZEPA) e Lugar de interese comunitario (LIC). **Instrumento de Planificación:** Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN), Plan rector de uso e xestión (PRUX) e Plan de conservación (PC)



# PROGRAMA ESTRATÉXICO ZONAL RÍA DE PONTEVEDRA





## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Os hábitats de interese comunitario


Dentro do territorio do GAC Ría de Pontevedra teñen presenza sete dos nove tipos de hábitats recollidos na Directiva Hábitats 92/43/CEE. Estes tipos de hábitats requiren da designación de zonas de especial conservación segundo establece a Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade .

Achégase [Anexo I.1.2.3. Táboa cos tipos de hábitats naturais de interese comunitario presentes no territorio.](#)

## ANÁLISE DO MEDIO NATURAL: Os humidais

Segundo a *Comunicación da Comisión (XI/721/94) ó Consello e ó Parlamento Europeo referente a "Uso prudente e conservación dos humidais"* os humidais representan un dos hábitats máis importantes, máis ameazados e máis comúns en todos os países da Unión Europea.

O territorio conta con 22 dos 237 humidais recollidos no Inventario de Humidais de Galicia da Consellería de Medio Ambiente na provincia de Pontevedra (consultar no [Anexo I.1.2.4. Situación xeográfica e Análise do Medio Natural a relación completa de humidais do territorio ou prema aquí](#))



## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### POBOACIÓN: VOLUME E DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

A Ría de Pontevedra é, no conxunto de Galicia, unha zona cunha alta densidade de poboación sen chegar aos extremos das zonas costeiras con grandes metrópoles.

Os concellos da Ría manteñen unhas densidades de poboación entre 378 e 705 habitantes/ Km<sup>2</sup>. O concello con menor densidade de poboación é Sanxenxo, mentres que Marín, pola influencia do seu núcleo urbano é o de densidade máis alta e tamén o de maior poboación en termos absolutos, exceptuando Pontevedra que non se inclúe neste estudo por queda fora do territorio do Grupo de Acción Costeira. Sen embargo, os seus indicadores demográficos reflectiranse nas táboas para recoller unha visión global do ámbito da Ría de Pontevedra.

En comparación coa media galega a densidade do GAC está moi por riba dela e tamén da media provincial.

CONCELLO	ENTIDADES COLECTIVA	ENTIDADES SINGULAR.	NÚCLEOS POB.CIÓN	DISEMIN.	CONCELLO	POBOACIÓN TOTAL 2007 (habitantes)	SUPERFICIE TOTAL (km <sup>2</sup> )	DENSIDADE POBOACIÓN (habitantes/km <sup>2</sup> )
BUEU	6	54	12	42	BUEU	12.440	30,82	403,63
MARÍN	7	77	6	73	MARÍN	25.885	36,70	705,31
POIO	5	66	41	25	POIO	15.456	33,90	455,93
SANXENXO	9	117	62	55	SANXENXO	17.077	45,10	378,65
PONTEVEDRA	16	217	110	110	PONTEVEDRA	80.202	118,30	677,95
TOTAL RÍA	43	531	231	305	TOTAL RÍA PONTEVEDRA	151.060	264,82	<b>570,43</b>
TOTAL GAC	27	314	121	195	TOTAL GAC-6	<b>70.858</b>	<b>146,52</b>	<b>483,61</b>





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA


## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### POBOACIÓN: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN

A evolución da poboación do ámbito territorial do Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra, crecente nos últimos 25 anos inda que a medra da poboación está a diminuír significativamente neste últimos anos. Os valores obtidos cada quinquenio non reflicten unha tendencia lineal senón que o incremento poboacional sofre altos e baixos, mais a media decenal de incremento da poboación si é estable e se aproxima ao 5 %.

Sorprende o caso de Bueu que nos últimos anos perde reiteradamente poboación. Tamén Marín no último ano ten unha caída significativa da poboación. No caso de Bueu o estudo dos saldos vexetativos explica esta diminución da poboación. Esta tendencia é moito máis acentuada cando se analizan os saldos migratorios.

	1981	1986	1991	1996	2001	2006	2007
Bueu	12.154	12.371	12.509	12.599	12.548	12.537	12.440
Marín	23.178	23.387	24.045	24.731	25.487	26.190	25.885
Poio	12.063	12.953	13.035	13.683	14.291	15.201	15.456
Sanxenxo	14.358	15.387	15.043	16.034	16.203	16.914	17.077
Pontevedra	64.184	67.289	71.491	74.287	75.864	80.096	80.202
<b>TOTAL RÍA</b>	<b>125.937</b>	<b>131.387</b>	<b>136.123</b>	<b>141.334</b>	<b>144.393</b>	<b>150.938</b>	<b>151.060</b>
<b>TOTAL GAC</b>	<b>61.753</b>	<b>64.098</b>	<b>64.632</b>	<b>67.047</b>	<b>68.529</b>	<b>70.842</b>	<b>70.858</b>





## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.


### EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN: Saldo vexetativo e migratorio

No total do territorio a poboación creceu nos últimos anos con saldos vexetativos e migratorios interanuais sempre positivos, aínda que os saldos migratorios positivos son moito maiores que os saldos vexetativos positivos.

O Concello de Bueu é o único que ten un saldo vexetativo negativo o que resulta sorprendente nun concello costeiro xa que é a zona máis dinámica. Este balance negativo contrarréstase cun saldo migratorio positivo. No resto dos concellos os dous saldos suman, dando valores de evolución da poboación sempre positivos. Os saldos migratorios son sempre maiores que os saldos vexetativos, chegando a duplicar as cifras destes.

Analizando os movementos migratorios, obsérvase que Bueu e Marín presentan saldos migratorios negativos causados pola emigración interior. En cambio, Poio e Sanxenxo teñen saldos migratorios positivos tanto interiores como exteriores.

SALDO VEXETATIVO E MIGRATORIO ( 1999 - 2006)



No que se refire a inmigración os datos dos concellos do territorio do GAC están por riba da media galega no conxunto do territorio, máis analizando os datos singulares dos concellos a situación é moi diferente entre eles. O Concello de Marín supera o 4 % e Poio está no 2,9 %. En cambio Bueu non chega ao 1% e Sanxenxo está no 2,2 %.






## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### POBOACIÓN: Estructura demográfica por sexo e idades

Ao igual que no conxunto de Galicia, no territorio do GAC 6 a porcentaxe de mulleres é maior que a porcentaxe de homes, agás no caso do Concello de Marín. Avaliado o sesgo por sexo do territorio a través da taxa de masculinidade, o resultado é do 97,7 %, superior á media galega que está no 93,2 %.

No que se refire a estrutura de idades, a estrutura poboacional é moi semellante en todos os concellos cunhas porcentaxes de menores de 16 anos (15% aprox.) e de maiores de 64 anos próximas ao 16,5 %. Estes valores son moi diferentes cando se analizan concellos do interior, polo que se pode dicir que estes concellos costeiros son un dos máis dinámicos de Galicia.



CONCELLOS	TAXA DE MASCULINIDADE
BUEU	97,1%
MARÍN	100,3%
POIO	96,7%
SANXENXO	96,6%








## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.


### POBOACIÓN: ÍNDICES DE DEPENDENCIA E ENVELLECIMENTO

Dende 1998 a 2006 o índice de envellecemento que mide a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos creceu en todos os concellos do territorio de referencia, tanto entre 1998 e 2001 como entre 2001 e 2006. Trátase dun fenómeno global propio dos países economicamente máis desenvolto, caracterizados pola redución da natalidade e polo envellecemento da súa poboación gracias ao aumento da esperanza media de vida. Aínda así, nos catro concellos do territorio GAC-6 no ano 2006 o índice de envellecemento é inferior a 100, ou sexa os menores de vinte anos superan aos maiores de 64 anos mentres que a media galega no ano 2006 está en 133,5 demostrando que a poboación do territorio GAC-6 é relativamente xoven. Destacan os concellos de Poio e Marín polos seus baixos índices de envellecemento.

En todos os casos resulta sorprendente a velocidade de incremento deste índice nun período inferior a dez anos. Tamén sorprende a comparación destes valores co índice de dependencia o que amosa unha clara vitalidade do territorio.



ÍNDICE DE DEPENDENCIA



ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### POBOACIÓN: NIVEL DE INSTRUCCIÓN

A porcentaxe de persoas con estudos primarios no territorio GAC-6 é do 73%, o de estudos secundarios é o 19% e o de estudos superiores é do 8%. Destaca polo seu nivel educativo e formativo o Concello de Poio que ten unha poboación con estudos superiores (universitarios) próxima ao 10%. Se diferenciamos por sexos, no territorio GAC-6 os homes teñen un nivel de instrucción maior no que se refire a estudos secundarios: superan ás mulleres cun 21% fronte a un 17,5% das mulleres, mentres que en estudos superiores a porcentaxe de mulleres é maior (8% fronte a un 7% dos homes).

Neste contraste, cabe salientar que a porcentaxe de mulleres no territorio GAC-6 que non saben ler ou escribir é do 4% fronte a dos homes que é unicamente do 1%.

CONCELLO	Non sabe ler ou escribir	< 5 anos de escolarización	Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	FPII, FP grao superior, Mestría industrial	Diplomatura a Arquitectur a Enxeñería Técnica	Licenciatur a Arquitectur a Enxeñería Superior	Doutora-mento
	ESTUDIOS PRIMARIOS			ESTUDIOS SECUNDARIOS			ESTUDIOS SUPERIORES			
BUEU	70,05%			22,51%			7,44%			
MARÍN	72,99%			19,33%			7,68%			
POIO	71,26%			19,35%			9,39%			
SANXENXO	78,00%			15,57%			6,43%			
<b>TOTAL GAC-6</b>	<b>73,29%</b>			<b>19,02%</b>			<b>7,69%</b>			
<b>TOTAL PROV. PONTEVEDRA</b>	<b>70,32%</b>			<b>19,49%</b>			<b>10,19%</b>			
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>70,07%</b>			<b>19,20%</b>			<b>10,73%</b>			





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### POBOACIÓN: NIVEL DE RENDAS

Como indicadores de calidade de vida analizaranse indicadores relativos a variables económicas como os indicadores municipais de renda dos fogares e os declarantes por tramos de renda.

O IMRF (indicador municipal de renda dos fogares) aumentou no ámbito territorial do GAC Ría de Pontevedra entre 1996 e 2002 - último dato publicado-, situándose practicamente na media galega. Tamén o rendemento medio declarado no IRPF é inferior no conxunto do territorio á media galega.

Por concellos, Sanxenxo é a única excepción á tendencia de crecemento do IMRF no territorio xa que no período 1996 – 2002, baixou un 5 %.

Todos os concellos están por debaixo da media galega, máis alonxados Bueu e Marín que os da banda norte da Ría.

CONCELLO	IMRF - 1996 Base 100 - Galicia	IMRF - 2002 Base 100 - Galicia	VARIACIÓN PORCENTUAL IMRF (1996-2002)
BUEU	86	89	3,49%
MARÍN	86	90	4,65%
POIO	90	96	6,67%
SANXENXO	100	95	-5,00%
<b>TOTAL GAC-6 (Media Ponderada)</b>	<b>90</b>	<b>92</b>	<b>2,33%</b>
<b>TOTAL PROVINCIA PONTEVEDRA</b>	<b>96</b>	<b>99</b>	<b>3,13%</b>
<b>TOTAL GALICIA</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	





## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA

Como parte dos indicadores de calidade de vida considéranse os servizos básicos aos cidadáns. Neste apartado se analizan os servizos de escolas infantís ,educación, biblioteca, puntos de acceso a internet e telecentros, escolas de música e tempo libre, ludoteca, centros médicos, centros de día, instalacións deportivas, museos e centros de interpretación e oficinas de información turística.

**Escolas infantís e;** Todos os concellos do territorio dispoñen de escolas infantís inda que o número de prazas non é dabondo para a demanda do territorio.

**Educación primaria;** todos os concellos contan con colexios de educación primaria, facendo un total de 24 os colexios de educación primaria do territorio, deles só catro son privados e un concertado.

**Educación secundaria;** Tamén en educación secundaria, todos os concellos dispoñen de centros, soamente un no Concello de Poio, dous no de Bueu e tres en Marín e Sanxenxo incluíndo os centros públicos e os concertados.

**Bibliotecas;** O Concello de Bueu fixo un esforzo notable na creación dunha Rede de Centros de lectura municipais. Das nove que se crearon desgraciadamente na actualidade non están todas en funcionamento. Sorprende o seu número comparado co do resto dos concellos que tendo poboacións moito máis numerosas suman once centros en total.

**Escolas de Música e Tempo Libre;** Os concellos de, Bueu e Sanxenxo dispoñen de música e o Concello de Poio ten servizo de escola deportiva.

**Ludotecas;** Soamente o concello de Marín dispón de servizo de ludoteca inda que é privado. En Bueu estase a traballar nun proxecto de ludoteca.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

45

## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA

**Centros médicos;** Todos os termos municipais do territorio teñen algún tipo de servizo médico, habendo en total 14 centros dedicados a servizos médicos, a maioría deles públicos. Os servizos hospitalarios a este territorio préstanse unicamente no Complexo Hospitalario de Pontevedra.

**Centros de día;** No territorio de actuación existen un total de 3 centros de día, un por termo municipal a excepción de Bueu. Todos os servizos son prestados por empresas privadas agás no caso de Sanxenxo que é unha instalación pública.

**Residencias da terceira idade;** No territorio de actuación existen dúas residencias da terceira idade, unha pública e outra privada.

**Tanatorios;** Todos os termos municipais do territorio dispoñen de tanatorio agás o Concello de Bueu. Todos eles son privados.

**Equipamento en novas tecnoloxías;** A cobertura de banda larga no rural do territorio é moi deficitaria, así como os diferentes servizos de acceso a internet. Todos os concellos dispón de telecentro agás o de Bueu que compensa a falla destes servizo con dous puntos de acceso libre a internet (dúas bibliotecas) Tamén Poio ten este servizo en dúas dependencias municipais, máis neste caso repartidos entre a Biblioteca Municipal de Campelo e o Centro de Servizos Sociais. En Sanxenxo o punto de acceso a internet está situado na áultra de informática pública de Vilalonga.

**Centros de Reunión e ocio;**

En todos os termos municipais existen locais sociais ou casas da cultura; sen embargo, en xeral os equipamentos destes locais son moi deficitarios, en especial, en novas tecnoloxías o que de por si contribuiría a loitar contra a fenda dixital.

Con respecto os auditorios so se teñen catalogados dous no territorio de actuación, un en Poio e outro en Sanxenxo. En xeral se detecta unha deficiencia importante no territorio deste tipo de instalación, aínda que o realmente interesante para os cidadáns é dotar de contidos e actividades os espazos de reunión dos que se dispoñen na actualidade.





## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA

En todos os concellos existen instalacións deportivas, pero a deficiencias que se detectan nelas é a pouca especialización das mesmas e un mantemento deficitario. Destaca positivamente o Concello de Marín que dispón de piscina municipal.

Oficinas de Información Turística; Todos os concellos dispoñen de servizo de información turística no verán. Soamente Sanxenxo e Poio manteñen servizo todo o ano.

Outros servizos de interese; Existen instalacións especiais de moito interese en todos os concellos:

- Aula da Natureza en Cabo Udra – Bueu, actualmente en construción
- Museo Municipal Manuel Torres, en Marín.
- CEEPR da Asociación Juan XXIII, en Marín
- Área Arqueolóxica de A Caeira, en Poio
- Centro Municipal de Formación A Reiboia, no que se organizan os obradoiros de emprego municipais.
- Centro de Interpretación da Natureza en Sanxenxo, pendente de apertura.

Máis información [Anexo I.1.3.1. ou prema aquí.](#)



### TECIDO ASOCIATIVO

O tecido asociativo no territorio do GAC 6 é amplo e no que destacan especialmente a presenza de asociacións culturais, deportivas e veciñais.

Os traballos preliminares de preparación do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra supuxeron a posta en coñecemento de todas as entidades asociativas da comarca das posibilidades de adhesión ao grupo a constituír no territorio. Para isto, en colaboración cos axentes de emprego dos concellos que integran o GAC 6, contactouse coas entidades asociativas inscritas nos correspondentes rexistros municipais

Existen no territorio case que 400 entidades asociativas activas, incluídas as Confrarías que destacan pola gran importancia que teñen na organización dos traballadores do sector pesqueiro do territorio.

Sorprende positivamente o número de 18 entidades dedicadas a traballar pola igualdade de xénero xa que se trata dun territorio no que a carga da representación social recae maioritariamente no home e, en maior medida, a porcentaxe de homes é maior cando se analiza as composicións das Xuntas Directivas das entidades, en especial as relacionadas directamente co sector pesqueiro .

ENTIDADES GRUPO ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE PONTEVEDRA		
CONFRARÍAS		7
TERCEIRO SECTOR		19
MOCIDADE		14
MEDIO AMBIENTE		16
IGUALDADE		18
ECONÓMICA E LABORAL		26
COMUNIDADES MONTES		16
AGROGANDEIRA		5
TURISMO		6
ASOCIACIÓNS		260
	MÚSICA	17
	ANPAS	20
	MAIORES	9
	ASOC. VECIÑOS	59
	ASOC. DEPORTIVAS	70
	ASOC. CULTURAIAS	58
	FESTAS	21
	OUTRAS	6
TOTAL		387





## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### ELEMENTOS CULTURAIS PROPIOS DO TERRITORIO

As terras da Ría de Pontevedra acolleron ás primeiras civilizacións humanas en Galicia. Dende o pasado máis remoto son moi numerosas as pegadas que chegaron ata nós do pasado dos primeiros poboadores de Galicia. O territorio está enchido de elementos da cultura megalítica e tamén das representacións artísticas que miles de anos despois deixaron os poboadores destas terras. A cultura castrexa dominou despois ata a chegada dos romanos e son moitos os montes que hoxe lembran a aquelas xentes. Do período histórico as pegadas se multiplican e a cultura relixiosa substituíu aos ídolos paganos polas diferentes imaxes do Deus cristián e os santos.

Non se pretende facer aquí o que é traballo de anos e recompilar e avaliar os elementos do patrimonio cultural do territorio. En parte, no territorio da ADR PRODER II – Comarca de Pontevedra este traballo xa esta feito en forma de inventario de recursos turísticos. Tamén está feita a súa ampliación aos oito concellos incluídos no Plan de Dinamización Turística Terras de Pontevedra. Moitos son os concellos que de forma independente teñen desenvolvido o seu propio inventario. Achégase Anexo I.1.3.2.fichas inventario).

Pola contra parece interesante ao fío dun programa de desenvolvemento salientar aqueles elementos que polo seu estado, situación ou interese poden converterse en eixes de actuación do programa de desenvolvemento rural en relación coa conservación do patrimonio.

#### PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

##### MÁMOAS



##### PETROGLIFOS



##### CASTROS







### ELEMENTOS CULTURAIS PROPIOS DO TERRITORIO

Nos últimos anos realizáronse proxectos moi importantes de posta en valor do patrimonio arqueolóxico. Sen dúbida o máis destacable de todos eles son as actuacións desenvolvidas co programa PRODER II , en colaboración coa Consellería de Cultura e os Concellos de, Poio Marín e tamén Vilaboa se desenvolveron un conxunto de actuacións que serán incluídas na Rede Galega de Áreas Arqueolóxicas.

Sen dúbida estas intervencións van a espertar interese polo coñecemento do patrimonio antes esquecido baixo moreas de eucaliptos que estábano a deteriorar e converteranse en exemplos para outros moitos proxectos que se desenvolvan – quizais non coa mesma envergadura máis si co mesmo obxectivo de rescatar o patrimonio esquecido e deteriorado.

No que respecta ao patrimonio arquitectónico a súa conservación por máis custosa require, na maior parte dos casos, da realización non soamente dun proxecto de recuperación senón tamén dun proxecto da actividade a desenvolver nese centro que garanta o seu mantemento posterior; ben sexa actividade produtiva ou non produtiva resulta imprescindible para o desenvolvemento de calquera actividade de recuperación do patrimonio arquitectónico. O patrimonio arquitectónico mariñeiro necesita unha catalogación.

#### PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

PAZOS E CASAS SEÑORIAIS

CASAS RECTORAIS

MOSTEIROS

IGREXAS

CAPELAS

CONXUNTO HISTÓRICO - ARTÍSTICO





## I.1.3.- ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA.

### ELEMENTOS CULTURAIS PROPIOS DO TERRITORIO

Moitos proxectos dos propostos polas entidades sociais nesta candidatura teñen por obxectivo a recuperación do patrimonio etnográfico: muiños, fontes, lavadoiros,... Estas actuacións de restauración do patrimonio de igual xeito que pasa co patrimonio arquitectónico teñen que ir vinculadas a actividades ben de posta en valor cultural ou ben de recuperación dos antigos usos como pode ser no caso dos muiños.

Mais a cultura é tamén un conxunto de elementos inmateriais que fan o carácter do pobo. Estes elementos son tan variados coma as muiñadas, o viño ou o carácter relixioso. Esta identidade común está presente no territorio en múltiples manifestacións, as veces, singulares na zona costeira ou no interior e ás veces comúns ao conxunto do territorio.


As propias festas, dende as relixiosas ás gastroetílicas son elementos culturais de arraigada tradición e importantes repercusións económicas hoxe en día.

A riqueza do territorio en elementos naturais xa se sinalou no apartado correspondente mais tamén xoga un papel cultural fundamental xa que hai unha ampla tradición de celebracións e eventos no medio natural froito da ampla cultura rural que inda aflora na sociedade.

#### PATRIMONIO ETNOGRÁFICO

CRUCEIROS E PETOS DE ÁNIMAS

HÓRREOS



POMBAR

MUIÑOS

FONTES E LAVADOIROS

#### PATRIMONIO NATURAL

Máis información [Anexo I.1.3.2. Fichas inventario ou prema aquí.](#)





## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO

### VOLUME DE EMPRESAS POR SECTORES DE ACTIVIDADE




Nas actividades económicas (seccións da clasificación CNAE) con maior número de contas de cotización (empresas) no mes de xuño de 2008, obsérvanse interesantes singularidades.

O maior número de empresas concéntrase en Marín e Sanxenxo (Gráfica) que tamén son os máis poboados. O número de empresas relativizado pola poboación de cada territorio achega novas perspectivas, como é que o termo municipal de Sanxenxo ten case que o dobre de empresas por habitante que o resto dos termos municipais o que indica un maior dinamismo deste termo municipal a hora de emprender actividades económicas con respecto o resto do territorio.

A “Pesca” é o sector que ten máis empresas no termo municipal de Bueu. Aparece no terceiro posto en Marín; en Poio sitúase no quinto lugar con preto do dez por cento das empresas, e en Sanxenxo no noveno lugar con menos do tres por cento das empresas pertencente a este sector.

A importancia da “construción” no territorio é fundamental como o demostra o feito de que todos os termos municipais téñena entres as tres primeiras actividades económicas con maior número de contas de cotización.

NÚMERO DE EMPRESAS DO TERRITORIO



En todos os termos municipais, a actividade comercial tamén se sitúa entre as tres primeiras contas de cotización.

A “Hostalería” é a principal actividade por número de empresas no termo municipal de Sanxenxo cunha cuarta parte das empresas, o cal se explica pola súa forte especialización no sector turístico. No termo municipal de Poio sitúase no terceiro lugar, estando no cuarto e quinto lugar en Bueu e Marín respectivamente





## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO

### ANÁLISE DO MERCADO LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

A segunda parte desta análise está orientada a coñecer os sectores económicos creadores de emprego nos últimos anos no territorio do GAC 6 e as súas conclusións son as seguintes:

- Os termos municipais teñen unha relativa diversidade económica pois a media é de 7 sectores de actividade que tiveron unha evolución positiva como creadores de emprego. Destacan as 10 actividades creadoras de emprego do termo municipal de Sanxenxo e por baixo as 5 do termo municipal de Poio.
- As actividades relacionadas co sector inmobiliario teñen un comportamento positivo en 3 termos municipais, sendo Poio o único que non evoluciona positivamente, inda que este dato non é extrapolable cara ao futuro por razóns de conxuntura económica.
- A actividade económica “Comercio” evolucionou positivamente nos concellos de Bueu e Poio.
- A “Industria manufactureira” so ten un comportamento positivo no termo municipal de Marín.
- A “Hostalería” mantén un comportamento positivo en tres termos municipais, coa excepción de Bueu.
- As actividades propias do sector servizos son a maioría das que teñen un comportamento positivo nos termos municipais de estudo.
- A “Pesca” non ten un comportamento positivo en ningún dos termos municipais e destrúe emprego en todo o territorio do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra
- So o termo municipal de Bueu ten un comportamento positivo a actividade de agraria.



### ANÁLISE DA TAXA DE ACTIVIDADE



Logo de estudar a oferta de emprego no territorio, un enfoque diferente ao mercado de traballo é o da demanda. No período de estudo 1991 – 2001, obsérvase o seguinte:

☀ En todos os termos municipais aumenta en porcentaxe o número de persoas activas da economía, en especial no termo municipal de Sanxenxo que incrementa un 23,35% no período 1991 – 2001. No resto dos termos municipais a variación sitúase o redor do 12%.

☀ No ano 2001 Sanxenxo e Poio son os termos municipais que teñen as taxas máis altas, mentres que Bueu co 47,6% está por baixo da taxa galega

En canto ao estudo da evolución da taxa de actividade por sexos as conclusións son moi significativas:

☀ a taxa de actividade feminina incrementou en todos os termos municipais, en especial, Sanxenxo cun incremento do 88,83%, mentres que a masculina diminuíu, máis mantéñese moi por baixo dela (a metade en Bueu e Marín, aprox.).





## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO

### PRINCIPAIS ACTIVIDADES ECONÓMICAS XERADORAS DE EMPREGO

Coa análise das actividades económicas obtense unha visión máis concreta do mercado laboral do territorio de actuación.

Nos termos municipais de Bueu, Marín e Poio a “**Pesca**” aparece entre os tres primeiros sectores creadores de emprego, en especial Bueu onde crea o 25% dos postos de traballo. A excepción constitúena o termo municipal de Sanxenxo. A “**Pesca**” é a quinta actividade creadora de emprego no territorio con 2.188 postos de traballo.

En todos os termos municipais a “**Construción**” aparece entre os tres primeiros sectores creadores de emprego, e é a segunda actividade creadora de emprego no territorio con 2.446 postos de traballo. No termo municipal de Sanxenxo resulta unha actividade de especial importancia con 1.053 persoas empregadas no sector.

CNAE	DESCRIPCIÓN	EMPRESAS	EMPRESAS(%)	Traballadores en xeral	Traballadores en xeral(%)	RATEO Traballadores por EMPRESA
G	Comercio	630	20,67%	2.915	17,72%	4,63
F	Construción	559	18,34%	2.446	14,87%	4,38
D	Industria manufactureira	244	8,01%	2.401	14,60%	9,84
H	Hostalería	507	16,63%	2.287	13,90%	4,51
B	Pesca	296	9,71%	2.188	13,30%	7,39
TOTAL			73,36%	12.237	74,40%	





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA


## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO

A industria manufacturera aparece entre os tres primeiros valores como creadora de emprego en tres dos termos municipais, a excepción constituéna o termo municipal de Sanxenxo que ocupa a quinto posición. Ademais, é a terceira actividade creadora de emprego no territorio con 2.401 postos de traballo, dos que 1.379 localízanse no termo municipal de Marín, en especial polo forte empuxe económico do Porto de Marín - Pontevedra. Tamén constitué o grupo de actividade coas empresas de maior dimensión en canto o número de traballadores.

O comercio aparece nos tres primeiros postos como creadora de emprego no termo municipal de Poio e Sanxenxo, nos termos municipais de Bueu e Marín é a cuarta actividade creadora de emprego. En todo o territorio está é a actividade que máis empresas e postos de traballo crea con 2.915 persoas empregadas, en especial no termo municipal de Poio con 1.608 postos de traballo ligados a esta actividade, en grande parte isto explícase pola presenza da empresa de distribución Distribuciones Froiz, S.A.

A hostalería so aparece entre as tres primeiras actividades en Sanxenxo, que con 1.635 postos de traballo é con diferenza a principal actividade económica en termos de emprego. En toda a comarca crea 2.287 postos de traballo o que a sitúa como cuarta actividade creadora de emprego no territorio.

Ao considerar as tres primeiras actividades económicas con maior número de traballadores obsérvase unha baixa dependencia da economía dos concellos respecto a eles xa que a porcentaxe de traballadores dependentes destas contas é menor do 50%, sendo o termo municipal de Poio a máis dependente para crear emprego, pois os tres primeiros sectores de actividade en termos de emprego crean ó 65,21% dos postos de traballo.



**PORCENTAXES DE EMPREGO XERADO POLOS PRINCIPAIS SECTORES DE ACTIVIDADE**





## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO

### ANÁLISE DA OCUPACIÓN



En todos os termos municipais, no período 1991 – 2001, aumenta o número de persoas ocupadas con respecto a poboación en idade legal para traballar. O incremento máis significativo ten lugar en Sanxenxo, que acada o 25,91%. O resto dos termos municipais incrementan as súas taxas o redor dun 21%

O termo municipal de Poio co 51% ten a taxa maior e Bueu a máis baixa cun 42,8%.

As taxas de mulleres ocupadas son moi inferiores ás porcentaxes de ocupados masculinas en todos os termos municipais no período 1991 - 2001. Bueu e Marín destacan negativamente no ano 2001 ó ter as mulleres unha taxa do 26,5% e 30,8% respectivamente, moi por baixo das taxas masculinas

As taxas masculinas de ocupación no período 1991 – 2001 medran en todos os concellos. O incremento maior é o de Poio cun 5,45%

As taxas femininas de ocupación no período 1991 – 2001 medran en todos os termos municipais moito máis que a dos homes, dende o 53,01% do termo municipal de Poio ó 88,83% do termo municipal de Sanxenxo








### ANÁLISE DO DESEMPREGO

O número total de persoas paradas no territorio de actuación en agosto do 2008 é de 3.387 persoas, e delas 1.858 son mulleres.

A observación da evolución do número de parados rexistrados no último ano (agosto 2007 – agosto 2008) mostra un incremento do paro rexistrado no territorio, mais con matices

☀A evolución do paro total en todos os termos municipais é máis negativa que a evolución galega. Dende o incremento do 12,1% dos termos municipais de Marín e Poio ó 30,4% do termo municipal de Sanxenxo :

☀Afecta, en porcentaxe, con máis forza ós homes en relación coas mulleres. O termo municipal de Sanxenxo rexistra a evolución máis negativa cun incremento do paro masculino superior ó 40% e feminino próximo ó 20%



No que respecto ós parados rexistrados menores de 25 anos teñen máis dificultades para atopar traballo os homes que as mulleres, en consonancia coa media galega.

O paro rexistrado no resto de idades a tendencia muda radicalmente, pasando a ser as mulleres o colectivo de maior peso, coa excepción do termo municipal de Sanxenxo onde os homes representan o 51% dos parados do resto de idades




### ANÁLISE DO DESEMPREGO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Na observación do paro rexistrado por sectores de actividade no período agosto 2007 – agosto 2008 destaca: **análise do paro rexistrado por sectores de actividade mostra que:**

O desemprego na construción incrementábase en tres dos catro termos municipais. (En Sanxenxo o incremento do paro rexistrado é do 78,6% pola importancia estratéxica que ten este sector).

O sector servizos incrementa o número de persoas desempregadas rexistradas en todos os termos municipais por riba da cifra galega, o que resulta especialmente negativo porque este sector achega a maioría dos postos de traballo .

Na industria a evolución é moi negativa nos catro termos municipais; pola importancia deste sector no termo municipal de Marín hai que destacar o incremento do paro rexistrado do 13,7% .



O sector primario (agricultura, Gandería e Pesca) é o que menos se resinte inda que a evolución en xeral é negativa, coa excepción do termo municipal de Bueu onde diminuíu un 9,6% o número de persoas desempregadas, feito destacable pola importancia da pesca no mesmo





## I.1.4.- MERCADO DE TRABALLO


### ANÁLISE DO DESEMPREGO: Taxa de paro

A taxa de paro (referida á poboación entre 16 – 64 anos) indica que o número de mulleres que non atopan traballo e están dispostas a traballar é superior á dos homes nesa mesma situación, coa excepción do termo municipal de Sanxenxo.

A taxa de paro rexistrado total do territorio é menor ca galega (6,26%), coa excepción do termo municipal de Marín.

Con respecto as taxas de paro por sexos na seguinte gráfica pódese observar dúas situacións moi claras :

- ☀ En todos os termos municipais o paro feminino é superior ou moi superior o masculino.
- ☀ En todos os termos municipais a taxa de paro feminina en agosto do ano 2008 é inferior á taxa galega.



Máis información [Anexo I.1.4. ou prema aquí.](#)





## II.1.5.- ANÁLISE SECTORIAL


### SECTOR PRIMARIO

A transformación vivida pola sociedade rural en Galicia dende a incorporación de España á Unión Europea causou unha fonda transformación do ámbito agrario e das zonas dependentes da pesca. O sector primario caeu dende entón nun estado de recesión en todo o territorio, do que se pode dicir que se ben no sector agrario parece ter tocado fondo, no sector pesqueiro a crise inda pode agudizarse máis. Analizaranse os diferentes indicadores que amosan esta situación.

En xeral o sector primario nos últimos anos descendeu en número de empregados en favor do terciario.

### SECTOR AGRARIO: USOS DO SOLO

A distribución municipal de usos do solo indica que a maior parte da superficie do territorio está destinada a usos forestais: a superficie agraria útil (SAU) coincide coa media provincial (14,7 %). O concello cunha maior porcentaxe de superficie adicada á agricultura resulta ser Sanxenxo (46 %) – influencia sen dúbida de estar en denominación de orixe Rías Baixas. Este cultivo xunto cos herbáceos que son os principais no territorio. A superficie forestal ocupa o 72 % da superficie total do territorio do GAC Ría de Pontevedra o que pon de manifesto a importancia do sector forestal na socioeconomía do territorio tal e como se verá no apartado do sector forestal.





## II.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### SECTOR GANDEIRO

Desde sempre, e como consecuencia lóxica das condicións naturais de clima e chan, a gandería tivo unha gran incidencia, tanto económica como social, en Galicia, cun claro predomino sobre a agricultura. Isto vese tanto na utilización das superficies produtivas polas dúas actividades, como polos resultados económicos de cada unha delas.

Ó estudar as especies por concello, os concellos de Sanxenxo e Marín, son os que contan cun maior número de bovinos, representando o 41,2% e 34,7%, respectivamente. Nos ovinos os concellos que destacan volven a ser Sanxenxo e Marín, contando cun 33% cada un deles. No caprino e equino destaca Marín co 38,5% e 55,2%, respectivamente. Na especie porcina Sanxenxo é o concello que conta con máis unidades gandeiras, representando o 39,1% do total do territorio. A importancia de Poio en canto a unidades de gando nas aves é destacable, xa que conta co 61,5% do territorio. Por último, nas coellas nais Bueu conta co 44% das existentes no territorio, segundo o datos do Censo Agrario do 99.

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais
Bueu	13	3	1	96	87	84	11
Marín	107	30	5	98	170	110	6
Poio	61	28	3	187	18	695	5
Sanxenxo	127	30	4	245	33	241	3
Total	308	91	13	626	308	1.130	25





## II.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### ANÁLISE ECONÓMICA DO SECTOR AGROGANDEIRO

O número de traballadores da agricultura, gandería, caza e silvicultura nos concellos de Bueu e Sanxenxo no 2007 – non hai datos de Marín e Poio - é de 267, o que supón o 20% dos traballadores afiliados ao réxime agrario por conta allea da provincia de Pontevedra.





### TRABALLADORES DO SECTOR AGRARIO

Sorprende o feito do mantemento, en termos xerais, do número de traballadores neste sector en todos os concellos co paso do tempo, agás Poio.

### EMPRESA DA INDUSTRIA PRODUTOS AGROALIMENTARIOS.

O número de empresas de industria de produtos alimenticios e bebidas no territorio no 2007 é de 65. En ningún dos concellos se rexistran empresas de fabricación de produtos para a alimentación animal, nin industrias lácteas, nin industrias de preparación e conservación de froitas e hortalizas, nin de fabricación de produtos de muíño, amidóns e produtos amiláceos .

### PRODUTOS GALEGOS DE CALIDADE

-  **Denominación de Orixe Rías Baixas**
-  **Denominación Xeográfica de Augardente e Licores Tradicionais de Galicia.**
-  **Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia**
-  **Agricultura Ecolóxica de Galicia**







## II.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### SECTOR FORESTAL

As superficies forestais, o seu estado no que se refire a cobertura de solo, teñen unha influencia notable no comportamento das augas da Ría como se poido ver no ano 2006. Marín é o Concello que presenta unha porcentaxe máis alta de superficie forestal con respecto á total dos concellos, moi preto do 90 € e é moi significativo que o 91% desta superficie estea arborizada. Unha das características do monte galego é que a propiedade é maioritariamente privada, e en torno ao 30% dos terreos forestais son montes veciñais en man común (MVMC) e tan só o 2% pertencen a entes públicos (Xunta de Galicia. O Monte en cifras).

Con esta estrutura de propiedade, unicamente os monte veciñais acceden a unha xestión ordenada de gran transcendencia para todos os ecosistemas da Ría. As cifras actuais non son moi boas: do total dos montes veciñais unicamente tres –1200 ha., aproximadamente - contan con proxecto de ordenación.

A produción de madeira é a principal achega do sector forestal. No tocante aos montes particulares debido a súa escasa superficie media, a explotación da madeira é levada por pequenas empresas que logo venden o produto ás grandes fábricas de taboleiro (FINSA, TAFISA, ENCE) ou a serradoiros.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

## II.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### SECTOR PESQUEIRO, ACUÍCOLA E MARISQUEIRO

O sector pesqueiro, que engloba todas as actividades relacionadas coa pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, continúa sendo un dos primeiros axentes na economía do territorio do GAC Ría de Pontevedra. Ademais da facturación directa que proporciona, esta actividade estimula o funcionamento doutros moitos axentes económicos como, por exemplo, a industria conserveira, os estaleiros ou o comercio ).

A flota pesqueira con porto base en Galicia é a mais importante de todas as comunidades europeas e a maior do país, xa que posúe case a metade dos pesqueiros abandeirados en España e máis do 30% da suma da potencia dos motores. As rías de Pontevedra, constitúe un importante ecosistema de gran riqueza ecolóxica e fertilidade natural que é a causa máis directa da alta produtividade potencial da zona.

As elevadas capturas de moluscos, bivalvos e peixes unida ás condicións favorables para a instalación de portos naturais, explica o feito de que estas rías, xunto coa de Arousa, estivesen sempre á cabeza na economía pesqueira autónoma.



	EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE EMPRESAS PESQUEIRAS GAC 6								
	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
<b>Bueu</b>	154	154	138	147	138	144	135	134	127
<b>Marín</b>	136	135	124	114	116	113	114	115	186
<b>Poio</b>	57	66	79	88	82	58	65	70	75
<b>Sanxenxo</b>	39	43	45	51	49	40	48	572	59
<b>Total</b>	<b>386</b>	<b>398</b>	<b>386</b>	<b>400</b>	<b>385</b>	<b>400</b>	<b>400</b>	<b>376</b>	<b>447</b>







## II.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### ESTRUCTURA DA FLOTA DE ALTURA E GRAN ALTURA

Considérase flota de altura aqueles outros caladoiros e flotas que aproveitan recursos internos da Unión Europea en augas comunitarias non españolas. Nelas faenan en torno a 140 pesqueiros con porto base rexistrado en Galicia.

Entre estas flotas destaca a do **Gran Sol ou da NEAFC**. Trátase dunha flota de fresco de grande importancia para Galicia que opera principalmente en augas do Sur e do Oeste de Irlanda (Sub-áreas VI e VII), aínda que tamén se inclúen unidades que pescan nas costas de Francia (sub-aérea VIII – divisións VIIIa e VIIIb). Está formada por embarcacións que faenan ao arrastre (69 pesqueiros en Galicia) e ao palangre de fondo (53 barcos de máis de 100 TRBS e 11 unidades de menos porte, tamén a nivel galego) para capturar pescada, rapante, rape e lagostino. Os portos máis importantes para estes buques en Galicia son A Coruña, Vigo, Marín, Celeiro e Burela.

Os pesqueiros do caladoiro portugués desenvolven unha actividade importante, sobre todo nos portos de Vigo e Marín. En augas do país veciño, faenan arrasteiros e cerqueiros en virtude do marco fronteirizo e con reciprocidade nas licenzas de acceso. Tamén actúan en augas europeas -fóra do Caladoiro Nacional- os barcos de cerco, que todos os anos navegan cara o Golfo de Biscaia ao final da primavera para participar na costeira da anchoa. Nesta actividade participan sobre todo unidades de maior porte e, dependendo da produtividade de cada costeira, mantéñense nesa zona ata o verán. Algúns destes barcos incorpóranse máis tarde a outra pesca estacional, a costeira do bonito, actividade na que anualmente participa unha importante fracción da flota galega.

Atuneiros conxeladores (5 buques), palangreiros de superficie (83 embarcacións), a flota do fletán negro que está a traballar en augas de NAFO (23 unidades), os bacallaeiros do Mar de Barents (7 barcos) e os grandes conxeladores (19 buques) proban que os pesqueiros galegos continúan a ser os primeiros en explotar novos recursos. As compañías galegas tamén posúen investimentos na maioría dos caladoiros internacionais de relevancia.

**No territorio do GAC 6 solo a confraría de Marín ten barcos de altura, a meirande parte deles no caladoiro portugués.**





## I.1.5.1. – SECTOR PRIMARIO

### ESTRUCTURA DA FLOTA PESQUEIRA: FLOTA COSTEIRA

A flota de baixura posúe unha gran importancia social en Galicia. Nela faénase cunha enorme diversidade de artes coma trasmallos, miños, rascos, palangrillos, racús, bou de man, bou de vara, diferentes tipos de nasas, etc.

A flota de **artes menores** ou artesanal –na que se inclúe o marisqueo a flote- é a máis importante en número de embarcacións na baixura a nivel de Galicia. Forman esta flota embarcacións de porte moi pequeno que faenan nas augas interiores, sobre todo nas rías, zonas de competencia exclusiva da Xunta de Galicia . Os pescadores explotan especies como o polbo, a faneca, o congro, o choco, a centola ou a ameixa.

A flota do litoral está formada por buques de entre 10 e 150 Toneladas de Rexistro Bruto que faenan preto da costa galega, da cantábrica e da portuguesa. O **cercos** é a segunda flota máis numerosa das de baixura, contando cuns 168 barcos a nivel de Galicia. A súa permanencia no mar non supera as 24 horas e soen pescar lirio, xurelo, cabala, bocareo e, sobre todo, sardiña.

A medio camiño entre a flota de baixura e a de altura atópase a **flota de arrastre** de litoral, que se adica á captura de pescada, rape, rapante, xurelo e lagostino nas augas do caladoiro do Mar Cantábrico, dende Portugal a Francia, tendo a súa actividade importantes repercusións económicas. Nela faenan, coa modalidade de parella ou en solitario, 100 buques que teñen a súa base nos portos de Burela, Celeiro, A Coruña, Ribeira, Muros, Marín e Vigo.

No territorio do GAC 6 a meirande parte dos barcos adícase á pesca de baixura con artes menores, artesanais. A través das enquisas realizadas as confrarías do territorio pode verse a especialización da flota (Anexo I.1.5.).





## O MARISQUEO

O marisqueo é unha "modalidade específica de pesca, consistente na actividade extractiva dirixida á captura de mariscos". A súa faceta máis sinxela e artesanal, a que ten como obxecto a captura de moluscos na costa areosa e se fai a pé sen utilizar embarcación, é o que coñecemos como marisqueo a pé. Esta actividade ten unha grande importancia social no territorio, xa que dela dependen os ingresos de centos de persoas no territorio, na súa maioría mulleres. O marisqueo a flote, sen embargo, é desempeñado principalmente por homes.

No ano 2007, o valor económico dos bivalvos descargados nas lonxas galegas polos mariscadores e mariscadoras da nosa comunidade acadou preto dos 75 millóns de euros, correspondentes ás máis de 10.000 toneladas de produción subhastadas. Os datos do territorio achéganse na táboa anexa.

### BIVALVOS

Especie	Quilos	Euros
Ameixa babosa	25.769,35	389.835,07
Ameixa bicuda	5.384,53	33.866,09
Ameixa fina	25.000,73	547.925,38
Ameixa rubia	44.008,00	340.535,81
Ameixa xaponesa	59.452,38	360.791,55
Berberecho	139.169,49	707.988,89
Carneiro	2.305,35	13.307,54
Cornicha	8.542,45	67.969,42
Longueirón	23,50	284,00
Navalla	50.673,95	640.652,12
Ostra plana	5.711,76	30.659,56
Rabioso	1.100,00	885,00
Volandeira	573,00	991,43
<b>TOTAL</b>	<b>367.714</b>	<b>3.135.692</b>

Máis información [Anexo I.1.5. ou prema aquí.](#)





## A ACUICULTURA

A costa galega goza dunhas condicións idóneas para a acuicultura grazas, entoutros factores, á abundancia de fitoplancton, a temperatura e a salubridade das augas. Dende finais dos anos 70, isto permitiu o desenvolvemento dunha industria acuícola propia, diversificada e en crecemento constante.

No ano 2005, o 81,9% da produción acuícola española correspondeu á acuicultura galega, sendo o mexillón e o rodaballo as principais especies de cultivo. No ano 2006 a acuicultura galega acadou unha produción total superior ás 310.000 toneladas, a cifra máis alta acadada nos últimos 5 anos. Esta produción está dominada polo mexillón cultivado en batea, que chega a representar o 96% da cantidade total producida e o 63% do volume total de facturación. O mexillón cultivado nas rías é o produto máis importante do sector. Este bivalvo cultívase en bateas segundo un sistema de acuicultura extensiva cun mínimo control por parte do acuicultor, sen aporte de nutrientes nin intervención no proceso de reprodución. O mexillón das bateas galegas abarca o 98% do mexillón producido en España. Berberechos, ostras e ameixas son tamén especies representativas da acuicultura galega cun peso do 97,75%, 94,19% e 72,04% sobre a produción nacional, respectivamente. Ademais, Galicia é a única Comunidade Autónoma en España que cultiva especies como o polbo, o ollomol ou o abadexo. O rodaballo é outro dos produtos estrela desta actividade. O seu cultivo en Galicia supón o 88,66% da produción española.

Un exemplo de cooperativa dedicada á acuicultura é a Sociedade Cooperativa de Mejilloneros de Bueu (SOCOMEBU). Está formada por 9 socios e 7 empresas cuxa actividade é a distribución e a venda do mexillón. SOCOMEBU cómpralle o mexillón ás empresas e aos autónomos e encárgase de distribuílo. O cargos electos están formados por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e dous vogais, todos eles homes. O persoal que teñen contratado é un administrativo que fai as funcións de xerente. Contan con 17 bateas en total, 16 delas situadas en Bueu e unha en Combarro, e 7 embarcacións. Capturan en torno a 59 toneladas por batea ao ano e venden o kilogramo de mexillón a 1 euro. O principal destino deste mexillón é para depuradores e para consumo en fresco.





## A PRODUCCIÓN DA RÍA

Os puntos de venda no territorio son a lonxa de Bueu, a de Campelo, a de Portonovo e Pescados Touza e a Cooperativa San Miguel en Marín.

No ano 2007 se comercializaron no territorio 6.236.838,5 kg de todas as especies por un importe de 14.200.015,4 €, sendo o prezo medio de quilo de produto comercializado de 17,4 €. Todo isto da mostra da importancia deste sector no territorio.

As capturas de peixe no territorio supoñen o 4% das capturas galegas no 2007 e o 3% do valor con respecto a Galicia.

En Bueu é o polbo a especie máis vendida, representando o 30,7% das vendas e o 21% das capturas. En Campelo a venda de berberecho correspóndese co 34,5% e co 53,1% de capturas. En Pescados Touza de Marín, a especie máis vendida é a xuliana co 40% e o 21,3% das capturas. Na cooperativa San Miguel de Marín, a xuliana tamén é a especie máis vendida representando 27,4% e o 8,6% das capturas, mentres que a especie máis capturada é a Xarda co 26,1%. Por último, a xarda é a especie máis vendida en Portonovo e supón o 22,9% das vendas e o 54,5% das capturas.

Bueu	Campelo	Marín (Pescados Touza)	Marín (San Miguel)	Portonovo
Polbo	Berberecho	Xuliana	Xuliana	Xarda
Percebe	Ameixa xaponesa	Rapantes	Rapantes	Sardiña
Navalla	Ameixa fina	Pescada	Pescada	Xurelo
Ameixa rubia	Ameixa babosa	Cigala	Cigala	Pescada
Xurelo	Ameixa rubia	Polbo cabezón	Xurelo	Polbo
Ameixa babosa	Ameixa bicuda	Navalla	Xarda	Navalla
Sardiña	Cornicha	Peixes mariños nep	Polbo cabezón	Choco
Xarda	Carneiro	Lingua do	Sardiña	Faneca
Centola	Ostra plana	Faneca	Choco	Sargo común
Choco	Navalla	Lirio	Lirio	Abadexo







## II.1.5.2. – SECTOR SECUNDARIO

O gran desenvolvemento industrial das Rías Baixas prodúcese ao redor de Vigo, onde se concentran a maior parte das actividades industriais relacionadas principalmente coa transformación de produtos metálicos, construción de barcos, empresas conserveiras, empresas de conxelados, etc., quedando relegado a un segundo plano o área de Pontevedra, onde os sectores de maior relevancia son a construción xunto coa industria forestal.

Como xa se viu na análise do mercado de traballo, pódese afirmar que a construción é a actividade que máis destaca representando o 71% no conxunto dos concellos, seguida da industria manufacturera representando o 29%.



En canto aos polígonos industriais do territorio cóntase co de Castiñeiras (Bueu) que ten unha superficie total de 59.164 m<sup>2</sup> e 11 parcelas. O polígono de Poio, denominado Fragamoreira, ten 17 parcelas edificables, 67.000 m<sup>2</sup> de solo industrial, 33.000 m<sup>2</sup> de solo comercial, e 6.000 m<sup>2</sup> de oficinas. Sanxenxo conta cun polígono industria listo para poñer en marcha e ten unha superficie total de 654.815 m<sup>2</sup>, da cal 417.397 m<sup>2</sup> son edificables divididos en 279 parcelas






## II.1.5.3. – SECTOR TERCIARIO

O sector terciario está composto por un total de 4.233 empresas (IGE 2007), que representan o 84,7% do total da actividade empresarial da zona. É polo tanto, o sector económico máis representativo do territorio. O comercio é a actividade do sector terciario que destaca en todo os concellos.

O número de actividades comerciais minoristas rexistradas no territorio de estudo superan ás actividades maioristas, e supoñen o 87% do total do sector.

Dentro das actividades maioristas, destaca sobre as demais o comercio de materias primas agrarias, de alimentación, bebidas e tabaco, cun 8% con respecto ao comercio total. Outro comercio ao por maior interindustrial é a actividade maiorista en importancia cun 2 %.

Con respecto ás actividades minoristas, débese resaltar dentro do sector da alimentación a importancia do comercio tradicional fronte aos supermercados que só representan o 31% do total. En canto as actividades de non alimentación, os comercios dedicados á vestido e calzado, fogar e resto de non alimentación, teñen un peso importante no territorio e supoñen o 42% do total. En canto ao comercio mixto e outros destaca a venda ambulante e mercadillos cun 10% do total



Máis información [Anexo I.1.5.](#) ou [prema aquí.](#)



## II.1.5.3. – SECTOR TERCIARIO


### O TURISMO

Galicia, e especialmente as Rías Baixas, é unha das comunidades autónomas que recibe un maior número de turistas que buscan o lecer dun dos principais tipos de turismo dos que dispón España, o turismo de sol e praia. Na súa meirande parte proceden do interior de España.


A oferta turística do territorio do GAC 6 é extensa pero pouco variada, masificándose sobre todo no Concello de Sanxenxo, seguido polo Concello de Poio, mentres que os restantes dous concellos posúen unha oferta turística moi pobre. Podemos dicir a partir deste dato que as empresas turísticas concéntranse nos núcleos que mais turismo atraen, deixando mais apartados os concellos menos coñecidos.

En canto ó alojamento, a oferta céntrase en hoteis de 1 e 2 estrelas, sendo só o Concello de Sanxenxo o que posúe hoteis de 4 estrelas. Os concellos que maior número de establecementos hoteleiros posúen son Sanxenxo e Poio, habendo gran escaseza nos de Marín e Bueu, con só 6 ou 7 establecementos en cada un deles. Cabe destacar que todos estes establecementos son hoteis e pensións, localizados nas zonas próximas as praias e nos núcleos urbanos de cada concello, deixando sen servizo ás zonas rurais as cales só dispoñen dun par de casas de turismo rural, que non cubre suficientemente o aumento de interese do turista polo turismo rural. Tamén é bastante pobre a oferta de apartamentos turísticos, sendo so o Concello de Sanxenxo o que posúe una oferta aceptable.

Hoteis



Nº Cuartos Hoteis









A oferta de restauración nestes catro Concellos está mellor repartida, pero é de características moi similares, a maior parte dos restaurantes son de 4º categoría, non habendo moitos de categorías superiores. Neste caso a oferta é maior nas zonas de praia, pero non tan aglomerada como o caso do aloxamento, neste caso atópase mais dispersa ó longo dos Concellos, e no caso de Marín e de Bueu, xa non se atopan tan desprovistos.

O caso dos bares e das cafeterías é un caso moi parecido ó do aloxamento, agloméranse nas zonas de maior turismo deixando sen apenas servizo zonas de interior.



Debemos destacar neste informe o turismo mariñeiro. Este turismo créase como complemento da actividade do sector pesqueiro e é unha nova modalidade de turismo que está tendo un gran éxito entre os turistas que se achegan a Galicia. Para poder desenvolver o proxecto de turismo mariñeiro dentro desta zona xeográfica, deberase prover os diferentes Concellos da infraestrutura turística necesaria para poder albergar o turismo que pretendemos atraer con este tipo de rutas .





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

74

## II.1.6.- INDICADORES CONXUNTOS DO TERRITORIO

NÚMERO DE BUQUES DE PESCA: 364

TOTAL ARQUEO DA FLOTA: 14.607,46 GT

POTENCIA DA FLOTA: 25.270,24 KW

EMPREGO NA PESCA: 2.188 Traballadores

PORCENTAXE DE EMPREGO NA PESCA NO TOTAL: 18 %

NÚMERO DE EMPRESAS NO SECTOR PESQUEIRO: 296

PORCENTAXE SUPERFICIE EN ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS: 6,8 %





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

75

## I.2. ANÁLISE DE DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TERRITORIO

### DEBILIDADES

#### POBOACIÓN E SERVIZOS

Falla de cohesión social entre os diferentes sectores: falla de coordinación entre entidades terra – mar administración local e falla de sentido da colectividade.

- Alto custe persoal do asociacionismo. Falla de formación e organización cara ao asociacionismo e escasa visibilización da muller nas entidades.
- Reducidas infraestructuras para actividades culturais e deportivas. Necesidade de instalacións onde celebrar actividades en rede.
- Dificultade de integración de núcleos e colectivos en risco de exclusión social.
- Necesidade de mellorar en accesibilidade universal.
- Necesidade de mellora /crear infraestructuras e servizos das TIC e dinamización da sociedade da información.
- Falla de oferta de ocio e de infraestructuras que acheguen á poboación ao medio natural: carrís bici, accesos peonís ás praias.
- Falla de sensibilización polo patrimonio cultural marítimo tradicional.

### POTENCIALIDADES

#### POBOACIÓN E SERVIZOS

- ☀ **Poboación xove e dinámica**
- ☀ **Patrimonio cultural marítimo histórico e artístico.**
- ☀ **Valoración e respecto aos recursos e a cultura local.**
- ☀ **Ilusión polo proxecto conxunto e o novidoso do tratamento integral da Ría de Pontevedra.**





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

76

## I.2. ANÁLISE DE DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TERRITORIO

### DEBILIDADES

#### ORDENACION DO TERRITORIO – MEDIO AMBIENTE

- Falla de ordenación do territorio a nivel local e comarcal que frea o desenvolvemento económico.
- Deficiencias graves do transporte público.
- Feísmo, degradación de espazos naturais e sucidade.
- Débil xestión integrada (económico, social e medio ambiental) dos espazos forestais e nos espazos naturais protexidos.
- **BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO ACCESO AO MAR. DEMANDA DE ACTUACIÓNS INTEGRADAS NO ÁMBITO COSTEIRO:** necesidade de acordo das administracións para facilitar acceso ao mar dos clubs deportivos.
- Ameaza do lume polo abandono do medio rural e das actividades agrarias en particular que afecta tamén ao medio mariño.
- Falla de saneamento que provoca graves alteracións da Ría.
- Falla de concienciación ecolóxica. Insuficiente sensibilización medio ambiental.

### POTENCIALIDADES

#### ORDENACION DO TERRITORIO – MEDIO AMBIENTE

- ☀ **Espazos naturais de alto valor ecolóxico e potencial turístico.**
- ☀ **Riqueza paisaxística.**
- ☀ **Presenza de espazos naturais protexidos que constitúen un atractivo do territorio**
- ☀ **Riqueza patrimonial cultural material e inmaterial.**
- ☀ **BANDEIRAS AZUIS NOS CATRO CONCELLOS E BANDEIRA VERDE EN POIO DE CONCELLO SOSTIBLE.**





## I.2. ANÁLISE DE DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TERRITORIO

### DEBILIDADES

#### ECONOMÍA

- Falla de formación orientada ao aproveitamento dos recursos locais. Necesidade de apostar por formación profesional regulada ou homologada.
- Falla dun tecido empresarial estruturado e formado; falta de cultura empresarial e emprego de calidade.
- Mulleres xoves que non atopan traballo nin servizos para a conciliación laboral e familiar.
- Perda de tradicións artesanais e falla de coñecemento das novas artesanías.
- Falla de organización e coordinación da xestión turística. Escaseza de prazas hoteleiras de calidade, especialmente, en Marín.
- Falla de formación no sector turístico: empresas e servizos de información.
- Proxectos de restauración do patrimonio ou ambientais con escasa xestión integral.
- Escaseza de servizos complementarios á oferta hoteleira.

### POTENCIALIDADES

#### ECONOMÍA

- ☀ Localización na zona máis dinámica de Galicia: Eixo Atlántico.
- ☀ Alta potencia inversora.
- ☀ Boas comunicacións co exterior: proximidade de aeroportos e instalacións portuarias, en especial, o Porto de Marín.
- ☀ Imaxe de calidade das Rías Baixas e de Sanxenxo
- ☀ **ALTO POTENCIAL TURÍSTICO:** Plan de Dinamización de Produto turístico en Marín e Poio e Plan de Excelencia Turística en Sanxenxo.
- ☀ Riqueza gastronómica e de restauradores de alta calidade.
- ☀ Auxe das actividades lúdicas, culturais e deportivas ligadas ao sector náutico e mariño.
- ☀ Rede de aloxamentos de turismo rural no territorio e Rede Comarcal de Sendeiros.
- ☀ Avance en implantación de sistemas de calidade turísticos oficiais.





# I. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

78

## I.2. ANÁLISE DE DEBILIDADES E FORTALEZAS DO TERRITORIO

### DEBILIDADES

#### SECTOR PESQUEIRO

- Reducción da rendibilidade do sector pesqueiro (baixos prezos da produción e altos custes de explotación) que esixen a diferenciación como estratexia.
- Competencia desleal das producións foráneas
- Falla de estratexia de comercialización.
- Falla de cultura empresarial no sector pesqueiro.
- Falla de limpeza nos portos.
- Perda de oportunidades de comercialización polo escaso volume de venda das lonxas do territorio. Desprazamento das descargas cara Vigo e Ribeira.
- Transcendencia productiva nas agresións medio ambientais que sofre a Ría: captacións en exceso, contaminación, falla de depuración. Necesidade de planes integrais de saneamento.

### POTENCIALIDADES

#### SECTOR PESQUEIRO

- ☀ Riqueza en produtos mariños: pesca e marisqueo e acuicultura.
- ☀ Capital humano. Alto número de persoas que viven do sector pesqueiro e marisqueiro directa ou indirectamente.
- ☀ Mantemento da produción artesanal na baixura, respectuosa cos criterios de sostibilidade.
- ☀ Comezo de explotación de novos produtos e servizos





## I.3. PREVISIÓN DE CREACIÓN DE EMPREGO

O enfoque “ascendente” do PEZ da Ría de Pontevedra, é un instrumento primordial na creación de métodos e hábitos de traballo colectivo - o que chamamos gobernanza do desenvolvemento local-

Estas competencias permitirán ós/ás promotores/as da Ría de Pontevedra aproveitarse do valor engadido do programa con este enfoque LEADER para un desenvolvemento **sostible social, económico e ambiental**.

As competencias adquiridas para a construción de capacidade organizativa das zonas pesqueiras o que implica creación de riqueza para a cidadanía, sendo a creación de postos de traballo a principal fonte de creación e repartición da mesma.

Na Análise do Mercado de Traballo detectouse que os principais sectores creadores de emprego do territorio están a sufrir o impacto da conxuntura económica tan adversa que vive, en xeral, na Unión Europea polo que o valor engadido da nova gobernanza do territorio permitirá, no marco das estratexias ascendentes de desenvolvemento local, o descubrimento de solucións novas para as necesidades da cidadanía da Ría de Pontevedra e beneficiarse dunha estratexia de innovación adaptada aos principais sectores de actividade na creación de emprego como son o comercio, a construción, a industria manufactureira, a hostalería e a pesca

Esta capacidade de innovación reflectirase na previsión de creación de 148 postos de traballo dos que 72 serán de homes e 76 de mulleres tal e como se recolle no [ANEXO II.3 Indicadores de Resultados das Medidas 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7: Emprego Creado](#)







### II.1.- OBXECTIVOS.

#### Obxectivo estratéxico

**Sostibilidade do desenvolvemento da zona costeira apoiado no aproveitamento endógeno dos produtos locais e na posta en valor do patrimonio natural e cultural. Procura de equilibrio entre os tres piares do desenvolvemento.**

#### Obxectivos operativos

-  **Constituír unha entidade dinamizadora da zona costeira capacitada para fomentar a gobernanza do territorio e facilitar o intercambio de experiencias e a xeración de proxectos conxuntos .**
-  **Informar, sensibilizar e dinamizar aos axentes sociais do territorio sobre recursos e proxectos que contribúan á xerar unha base sólida do desenvolvemento sostible do territorio**
-  **Dispor de recursos para fomentar actividades que contribúan ao desenvolvemento económico do territorio.**
-  **Apoiar e promover iniciativas de cooperación que contribúan á promoción do territorio e dos seus produtos.**






### II.1.- OBXECTIVOS.

#### Obxectivos transversais

- ☀ **Colaborar na promoción da muller e contribuír ao establecemento de mecanismos para a súa integración en igualdade en todos os ámbitos sociais e económicos.**
- ☀ **Promover á universalización dos servizos baseados en novas tecnoloxías e na sociedade da información.**
- ☀ **Promover a accesibilidade como aspecto fundamental da integración de todas as persoas**
- ☀ **Promover as prácticas sostibles, respectuosas co medio ambiente e proxectos que contribúan a posta en valor dos recursos naturais.**
- ☀ **Promover a innovación en todos os proxectos que promova ou apoie a entidade**
- ☀ **Fomento da cooperación e da gobernanza do territorio**



### II.2.- LIÑAS DE ACTUACIÓN





O Plan Extratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra, materialízase nuns obxectivos, liñas de actuación e proxectos amplamente debatidos nas distintas reunións das mesas sectoriais celebradas ao longo da elaboración da candidatura. Especialmente a relación de accións que se detalla no cadro financeiro é a recompilación dos debates mantidos polos axentes do territorio para enfocar o desenvolvemento sostible da zona costeira.

Na selección das accións incluídas nesta candidatura tívose especial coidado en elixir aquelas coherentes coas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, en especial, a sexta, relativa ao litoral, a sétima relativa ao patrimonio natural e á conservación do medio ambiente e a octava relativa á paisaxe.

A efectos da elaboración do cadro financeiro as accións encádranse nas medidas verticais e transversais definidas no Programa de Acción Costeira de Galicia.

### ANEXO II.2. FICHAS DEMOSTRATIVAS DE PROXECTOS



### II.3.- INDICADORES

A gobernanza do desenvolvemento local e a estratexia de participación, de cooperación, o establecemento de redes e a difusión de boas prácticas baseada na participación- entre axentes, sectores e accións sostibles social, económico e ambiental- deben ir acompañadas duns **Indicadores** capaces de examinar os avances do programa en relacións cos obxectivos, mellorar a calidade do programa e a súa aplicación e examinar propostas de modificación do mesmo. Ademais, deben ser de utilidade para a realización dos informes intermedio e *a posteriori* obrigatorios no desenvolvemento do programa.

Os Indicadores propostos son:

- ☀️ N° de proxectos financiados polo GAC.
- ☀️ N° de beneficiarios.
- ☀️ N° de empresas creadas ou ampliadas.
- ☀️ N° de empregos creados
- ☀️ Indicadores de resultados de formación.
- ☀️ Indicadores de efecto multiplicador.
- ☀️ Indicadores das actividades de sensibilización

[ANEXO II.3. CADRO DE INDICADORES ou prema aquí](#)





### II.4.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

Os principios de aplicación do eixe 4 do Fondo Europeo de Pesca o fan axeitado para a xeración de sinerxías e a complementariedade con outros fondos e instrumentos financeiros comunitarios que poden participar no desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras, mais para a súa implementación poranse en marcha medidas destinadas a evita o dobre financiamento da operacións e a multiplicar a repercusión nestas zona dependentes da actividade pesqueira.

Segundo se recolle no Programa Operativo Español do Sector Pesqueiro, serán financiáveis polo FEP as medidas destinadas a restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais, a promover a cooperación interrexional e transnacional entre grupos nas zonas de pesca, a adquirir competencias e facilitar a preparación e aplicación da estratexia de desenvolvemento local así como a contribuír a sufragar os gastos de funcionamento dos grupos. En cambio, o resto de accións serán obxecto de complementariedade do FEDER e o FEADER.

Para a complementariedade do FEDER terase en conta que poderán ser obxecto de sinerxía as accións que teñan como obxectivo mellorar a competitividade e o valor engadido dos produtos das zonas de pesca, reestructurar, reorientar e diversificar as actividades económicas destas zonas, axudar a pequenas infraestructuras e servizos en beneficio desta zonas e protexer o medio ambiente nas zonas de pesca.

No caso dos proxectos piloto, inda que o FEDER poderá financiar aqueles proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación destinados ás PEMES nas rexións de converxencia, no caso das PEMES do sector pesqueiro e acuícola darase preferencia á actuación do FEP e, polo tanto, cabe a subvencionabilidade polos Grupos de Acción costeira.





### II.4.- COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

No que se refire as actuacións relativas a mellora ou conservación ambiental, á demarcación das actuacións do FEP co programa LIFE+ fíxase de xeito que o GAC financie proxectos destinados a protexer e desenvolver a fauna e flora acuática conforme ó descrito no artigo 38.2 do Regulamento FEP mentres que o programa LIFE+ financiará aqueles proxectos que respondan aos seus propios criterios de elixibilidade.

Por outra banda, pola existencia no territorio dun Grupo de Desenvolvemento Rural – GDR Pontevedra – Morrazo – que pode desenvolver accións similares ás que desenvolva o Grupo de Acción Costeira é necesario, ante a ausencia de delimitación por parte da Comunidade Autónoma, que os grupos asuman a coordinación das súas actuacións e por isto se acompaña unha proposta de convenio de colaboración co devandito GDR que asinarase no intre en que ambos grupos consigan o recoñecemento como entidade colaboradora polas respectivas Consellerías do Medio Rural e de Pesca e Asuntos Marítimos.

#### ANEXO II.4. PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACION CO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA - O MORRAZO





### II.5.- CRITERIOS DE SELECCION E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

#### Proxectos produtivos

Viabilidade do proxecto	25 p
Características do promotor do proxecto	20 p
Incidencia no emprego	20 p
Impactos sobre o territorio	25 p
Innovación e Transferibilidade	10 p





### Proxectos produtivos

#### Criterios VIABILIDADE DO PROXECTO

25 p

Viabilidade técnica

10 p

Viabilidade económica

7 p

Viabilidade financeira

6 p

Uso do galego no proxecto

2 p







### Proxectos produtivos

#### Características do promotor do proxecto

20 p

-Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos:

5 p

Persoas con discapacidade ou en risco de exclusión (1)	Mulleres		Homes menores de 25 anos
5	4		3

- (1) Inmigrantes, emigrantes retornados, persoas con discapacidade e perceptores da RISGA (renda de inserción social de Galicia) e parados de longa duración ou procedentes de sectores en crise
- (2) Para varios promotores aplicarase o colectivo ao que pertenza a maioría dos promotores (> 50%)

-Promotor procedente do sector pesqueiro, acuícola, marisqueiro

5 p

-Formación e experiencia do promotor

5 p

-Solvencia económico-financeira e empresarial

5 p





### Proxectos produtivos

#### Incidencia no emprego

20 p

#### - Creación de emprego neto

8 p

< 25000 €/ emprego	25.000 €- 50.000 € / emprego	50.000 €- 75.000 €/ emprego	75.000 €- 100.000 € / emprego	> 100.000 € / emprego
8	6	4	2	0

#### - Creación de emprego en colectivos desfavorecidos

8 p

> 50 %		25 - 50 %		< 25 %
8		4		0

#### - Creación de emprego local

4 p





### Proxectos produtivos

#### Impactos sobre o territorio

25 p

- Capacidade de arrastre do proxecto:  
Aproveitamento de recursos endóxeos ou xeración de  
servizos á poboación

10 p

- Incidencia medio ambiental

5 p

- Adecuación á estratexia

5 p

- Emprego de novas tecnoloxías

5 p





### Proxectos produtivos

Innovación

5 p

- Transferibilidade a outros territorios

5 p





### Proxectos non produtivos

Sostibilidade do proxecto

30 p

Características do promotor e ámbito de actuación

25 p

Impactos sobre o territorio

35 p

Innovación e Transferencia

10 p





### Proxectos non produtivos

Sostibilidade do proxecto

30 p

Plan de xestión e garantía de mantemento

18 p

Calidade e viabilidade técnica

10 p

Uso do galego no proxecto

2 p





### Proxectos non produtivos

#### Características do promotor e ámbito de actuación

25 p

-Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos:

8 p

Paridade nos órganos directivos (40 – 60)	Paridade na representación societaria (40 – 60)	Entidade de economía social
2	2	4

-Promotor individual ou agrupado

4 p

-Ámbito de actuación

8 p

TODO O TERRITORIO	SUPRAMUNICIPAL	LOCAL	INFERIOR AO LOCAL
8	6	4	2

-Promotor procedente do sector pesqueiro, acuícola, marisqueiro

5 p





### Proxectos non produtivos

#### Impactos sobre o territorio

35 p

- Aproveitamento de recursos endóxeos ou servizos á poboación, en función do número de beneficiarios.

10 p

- Incidencia medio ambiental, mínima pegada ecolóxica

15 p

- Adecuación á estratexia

5 p

- Emprego de novas tecnoloxías

5 p







### Proxectos non produtivos

Innovación

5 p

Transferencia a outros territorios

5 p





### II.6.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA

#### Proxecto produtivo

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto produtivo será de 25 puntos; por baixo deste valor, os proxectos non serán subvencionados. A axuda máxima será de 250.000 €, agás proxectos de interese xeral do Grupo no que a Xunta Directiva, cunha maioría cualificada de dous tercios pode decidir superar este límite. En importe maiores a 600.000 € a decisión recaerá na Asemblea Xeral.

-Relación entre valoración e axuda en proxectos produtivos:

- 25 puntos: 25 % de axuda
- 100 puntos: 60% de axuda, agás casos especiais sinalados na convocatoria cun máximo inferior.
- As porcentaxes de axuda entre os valores extremos calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.
- Aos proxectos cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos poderá concedérselles a axuda máxima do 60 %, a criterio da Xunta Directiva.





### II.6.- LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA

#### Proxecto non produtivo

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto non produtivo será de 25 puntos; por baixo deste valor, os proxectos non serán subvencionados. A axuda máxima será de 300.000 €, agás proxectos de interese xeral do Grupo no que a Xunta Directiva, cunha maioría cualificada de dous tercios pode decidir superar este límite. En importe maiores a 600.000 € a decisión recaerá na Asemblea Xeral.

-Relación entre valoración e axuda en proxectos non produtivos:

- 25 puntos: 25 % de axuda
- 100 puntos: 100 % de axuda para proxectos (Decisión da Xunta Directiva celebrada o 5 de novembro de 2009 logo da aprobación da Orde de axudas (DOG 7 de setembro de 2009).

As porcentaxes de axuda entre os valores extremos calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.

- Aos proxectos cunha puntuación igual ou superior a 80 puntos poderá concedérselles a axuda máxima do 100 %, a criterio da xunta directiva.



# III. IMPLEMENTACIÓN E XESTIÓN DO PROGRAMA

100

## II.1.- CADRO FINANCEIRO

Eixos	Tipo de proxecto	Gasto Público						Gasto Privado	Gasto Total	% Gasto Total	
		2009	2010	2011	2012	2013	Total Gasto Público				
SEC TORI AIS OU VER TICA IS	1.	P	188.360,98	104.946,08	104.946,08	104.946,08	104.946,08	608.145,32	658.824,09	1.266.969,41	20,79%
		NP	30.119,66	16.781,29	16.781,29	16.781,29	16.781,29	97.244,81	32.414,94	129.659,75	2,13%
	2.	P	275.381,55	153.429,94	153.429,94	153.429,94	153.429,94	889.101,34	963.193,12	1.852.294,46	30,40%
		NP	15.776,96	8.790,20	8.790,20	8.790,20	8.790,20	50.937,76	16.979,25	67.917,01	1,11%
	3.	P	52.873,26	29.458,55	29.458,55	29.458,55	29.458,55	170.707,46	184.933,08	355.640,54	5,84%
		NP	139.124,13	77.513,57	77.513,57	77.513,57	77.513,57	449.178,42	149.726,14	598.904,56	9,83%
	4.	P	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
		NP	80.319,09	44.750,10	44.750,10	44.750,10	44.750,10	259.319,50	86.439,83	345.759,34	5,67%
HOR IZON TAIS OU TRA NSV ERS AIS	5.	P	33.952,62	18.916,84	18.916,84	18.916,84	18.916,84	109.619,97	118.754,97	228.374,94	3,75%
		NP	20.079,77	11.187,53	11.187,53	11.187,53	11.187,53	64.829,88	21.609,96	86.439,83	1,42%
	6.	P	24.233,58	13.501,84	13.501,84	13.501,84	13.501,84	78.240,92	84.760,99	163.001,91	2,68%
		NP	25.816,85	14.383,96	14.383,96	14.383,96	14.383,96	83.352,70	27.784,23	111.136,93	1,82%
	7.	P	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
		NP	33.644,73	18.745,30	18.745,30	18.745,30	18.745,30	108.625,93	36.208,64	144.834,57	2,38%
	TOTAL PROXECTOS	P	574.801,98	320.253,25	320.253,25	320.253,25	320.253,25	1.855.815,00	2.010.466,25	3.866.281,25	63,45%
NP		344.881,19	192.151,95	192.151,95	192.151,95	192.151,95	1.113.489,00	371.163,00	1.484.652,00	24,37%	
TOTAL		919.683,17	512.405,20	512.405,20	512.405,20	512.405,20	2.969.304,00	2.381.629,25	5.350.933,25	87,82%	
<b>Gastos Funcionamento GAC</b>			114.960,40	64.050,65	64.050,65	64.050,65	64.050,65	371.163,00	0,00	371.163,00	6,09%
<b>Gastos Difusión e Sensibilización</b>			114.960,40	64.050,65	64.050,65	64.050,65	64.050,65	371.163,00	0,00	371.163,00	6,09%
<b>Total Gastos Xestión</b>			229.920,79	128.101,30	128.101,30	128.101,30	128.101,30	742.326,00	0,00	742.326,00	12,18%
<b>Total Plan Estratéxico Zonal</b>			1.149.603,96	640.506,50	640.506,50	640.506,50	640.506,50	3.711.630,00	2.381.629,25	6.093.259,25	100,00%



## III.1.- CADRO FINANCEIRO

Coas Modificacións do Plan Financeiro introducidas pola Consellería do Mar á sinatura do convenio, o resultado:

Eixos	Tipo de proxecto			Gasto Privado	Gasto Total	% Gasto Total	
		Total Gasto Público	% Gasto Público				
SECTORIAIS OU VERTICAIS	1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización	Produtivos	608.145,32	16,38%	658.824,09	1.266.969,41	20,79%
		Non Produtivos	97.244,81	2,62%	32.414,94	129.659,75	2,13%
	2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación	Produtivos	889.101,34	23,95%	963.193,12	1.852.294,46	30,40%
		Non Produtivos	50.937,76	1,37%	16.979,25	67.917,01	1,11%
	3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental	Produtivos	170.707,46	4,60%	184.933,08	355.640,54	5,84%
		Non Produtivos	449.178,42	12,10%	149.726,14	598.904,56	9,83%
	4. Promoción da cohesión social	Produtivos	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00%
		Non Produtivos	259.319,50	6,99%	86.439,83	345.759,34	5,67%
TRANSVERSAIS	5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías	Produtivos	109.619,97	2,95%	118.754,97	228.374,94	3,75%
		Non Produtivos	64.829,88	1,75%	21.609,96	86.439,83	1,42%
	6. Fomento da igualdade de oportunidades	Produtivos	78.240,92	2,11%	84.760,99	163.001,91	2,68%
		Non Produtivos	83.352,70	2,25%	27.784,23	111.136,93	1,82%
	7. Fomento da cooperación e da participación	Produtivos	0,00	0,00%	0,00	0,00	0,00%
		Non Produtivos	108.625,93	2,93%	36.208,64	144.834,57	2,38%
TOTAL PROXECTOS	PRODUTIVOS	1.855.815,00	50,00%	2.010.466,25	3.866.281,25	63,45%	
	NON PRODUTIVOS	1.113.489,00	30,00%	371.163,00	1.484.652,00	24,37%	
	TOTAL	2.969.304,00	80,00%	2.381.629,25	5.350.933,25	87,82%	
Gastos Funcionamento GAC		371.163,00	10,00%	0,00	371.163,00	6,09%	
Gastos Difusión e Sensibilización		371.163,00	10,00%	0,00	371.163,00	6,09%	
Total Gastos Xestión		742.326,00	20,00%	0,00	742.326,00	12,18%	
Total Plan Estratéxico Zonal		3.711.630,00	100,00%	2.381.629,25	6.093.259,25	100,00%	





Á hora de calcular as achegas privadas consideráronse porcentaxes medias de subvencionabilidade do 48 % para os proxectos produtivos e do 75 % para os proxectos non produtivos.

Non se modificaron as porcentaxes de reparto entre proxectos produtivos e non produtivos establecidos na Orde do 17 de xullo de 2008.

As porcentaxes de reparto entre os eixes verticais é froito da agregación dos investimentos previstos nos proxectos propostos polos axentes do territorio. As porcentaxes de reparto entre os eixes horizontais son meramente orientativas como medidas transversais, o investimento en cada un deles será moito maior xa que se contemplan accións transversais en todos os proxectos. Unicamente se contemplaron como proxectos adscritos a estas medidas aqueles que responden preferentemente as obxectivos transversais.

O reparto dos investimentos ao longo dos anos de execución do programa axústase ao contido do Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Grupo de Acción Costeira.


	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Total Plan Estratégico Zonal</b>	31%	17%	17%	17%	17%



## III.2.- CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN

PROXECTOS	CRONOGRAMA																							
	ANO 2008				ANO 2009				ANO 2010				ANO 2011				ANO 2012				ANO 2013			
	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
MARCA DE CALIDADE DO TERRITORIO																								
PLATAFORMA DE COMPRA-VENDA PARA O SECTOR PESQUEIRO																								
PROXECTO DE COMERCIALIZACIÓN DE SALGADOS E AFUMADOS, PEIXE SECO																								
DIFERENCIACIÓN DOS PRODUTOS: Trazabilidade nos circuitos de venda en curto																								
AXUDANTES DE COMPRA NAS PRAZAS DE ABASTOS: COMPRA E ASESORAMENTO EN CANTO A CONSERVACIÓN, PREPARACIÓN																								
FORMACIÓN EN NORMAS DE CALIDADE E TRAZABILIDADE																								
FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS DA PREPARACIÓN E VENDA DE PEIXE																								
ESTUDIOS SOCIOECONÓMICOS DA PESCA DE BAIXURA																								
FOMENTO DA INVESTIGACIÓN PARA A MELLORA DO SECTOR ACUÍCOLA E MARISQUEIRO																								
FORMACIÓN EN IDIOMAS (COMERCIAL) PARA OS MARINEIROS																								
PLANTAS DE ELABORACIÓN DE PRODUTOS DO MAR																								
TABERNAS TÍPICAS PARA DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS DO MAR																								
FOMENTO DE EMPRESAS DE TURISMO ACTIVO (Escolas Deportivas, Submarinismo, Vela, Surf, Windsurf...)																								
PAQUETE TURÍSTICO INTEGRADO PARA COÑECER TODO O SECTOR: RUTAS GASTRONÓMICAS, POLO MAR, PARA COÑECER O MODO DE VIDA TRADICIONAL																								
EMPRESA DE VISITAS GUIADAS A LONXA																								
EMPRESAS DE HOSPEDERÍA E RESTAURACIÓN PARA MARINEIROS																								
PLANTA DE TRATAMENTO DE ALGAS PARA COMPOSTAXE																								
FORMACIÓN EN SERVIZOS TURÍSTICOS PARA OS MARINEIROS																								
RUTA CULTURAL: MUSEOS DA RÍA, TRADICIÓN, ARTES DE PESCA, REDEIRAS																								
CREACIÓN DE RUTAS MARINEIRAS PARA O TURISMO																								
EMPRESA DE VALORIZACIÓN DE RESIDUOS DA ACUICULTURA																								
REDE DE MIRADOIROS																								
RESTAURACIÓN DA POTENCIALIDADE PESQUEIRA (Por exemplo: CHOCO en TAMBO)																								





PROXECTOS	CRONOGRAMA																							
	ANO 2008				ANO 2009				ANO 2010				ANO 2011				ANO 2012				ANO 2013			
	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4	T1	T2	T3	T4
RESTAURACIÓN DE ZONAS DE GRADADAS: ADECUACIÓN E REPOBOACIÓN DE RÍORÍA																								
OBSERVATORIO DE MEDIO AMBIENTE DA RÍA NA ILLA DE TAMBO																								
POTENCIACIÓN DO DEPORTE NÁUTICO: CREACIÓN DE SERVIZOS																								
CATALOGO DE PATRIMONIO MARIÑO: FÁBRICAS DE SALAZÓN, CASETAS DE PESCADORES, MUÍÑOS DE MAREAS, ESTALEIROS DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA																								
REFORMA COMO MUSEO MARÍTIMO DUNHA ANTIGA CARPINTERÍA E STALEIRO																								
INFRAESTRUCTURAS DE RECREO																								
FOMENTO DA MOBILIDADE NÁUTICA																								
PROXECTO DE E-COMERCIO																								
FORMACIÓN NOVAS TECNOLOXÍAS																								
FOMENTO DA COMUNICACIÓN POR INTERNET ENTRE AS ASOCIACIÓNS E O CO PROPIO GAC																								
FOMENTO DA CONCILIACIÓN PARA A MULLER MARISCADORA E AS REDEIRAS: LUDOTECA																								
ESTUDIO PARA ADAPTACIÓN DAS LONXAS E CONFRARÍAS AOS DISCAPACITADOS																								
FORMACIÓN E FOMENTO DA TRANSMISIÓN DE VALORES E PRÁCTICAS QUE FUNDAMENTEN A IGUALDADE																								
FORMACIÓN PARA O FOMENTO DA PRESENZA DAS MULLERES NOS ÓRGANOS DE TOMA DE DECISIÓNS																								
FORMACIÓN PARA O FOMENTO DA MULLER COMO EMPRESARIA																								
COOPERACIÓN COA MARCA DE CALIDADE TERRITORIAL DE OUTRAS ZONAS																								
PROGRAMA DE INTERCAMBIO COMERCIAL E CULTURAL CON ZONAS COSTEIRAS DOUTROS PAÍSES: IRLANDA, PORTUGAL...																								







#### III.3.- PLAN DE XESTIÓN: MECANISMOS QUE GARANTAN OS PRINCIPIOS DE PUBLICIDADE, IMPARCIALIDADE E LIBRE CONCORRENCIA

O Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra elaborará cando teña o recoñecemento de entidade colaboradora por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o programa de xestión de axudas como documento marco para a tramitación das mesmas e referencia para a equipa técnica, socios, colaboradores da Rede Técnica de Apoio e promotores interesados en solicitar axudas ao abeiro do programa de desenvolvemento rural.

O Plan de Xestión de axudas, que estará a disposición do público en xeral, ten por obxecto contribuír a garantir os principios de publicidade, imparcialidade e libre concorrencia. Tamén o Plan debe garantir aos promotores a dilixencia na tramitación de expedientes por parte da equipa técnica do programa.

Unha das particularidades que incorpora o Plan de Xestión de Axudas é a creación dun **Servizo de Atención e Orientación a promotores** que traballará na realización de itinerarios personalizados para a consecución dos obxectivos. Dun xeito semellante ao de traballo dos orientadores laborais, os orientadores dos promotores informarán do proceso de desenvolvemento do proxecto e dos matices e aspectos que o poden enriquecer e mellorar a súa viabilidade e rendibilidade ben económica – cando se trate de proxectos produtivos – ou social – proxectos non produtivos.

Este servizo estará a disposición dos promotores durante a fase de maduración e execución do proxecto e tamén durante o primeiro ano de funcionamento xa que, pola experiencia acumulada, se coñece que os promotores na súa meirande parte emprendedores, necesitan unha titorización e asesoramento durante o inicio da aventura empresarial.





#### Programa de xestión de axudas – Guía do promotor

Os contidos mínimos do programa de xestión de axudas son os seguintes:

- ☀ Principios de actuación
- ☀ Lugares e horarios de atención a promotores. Mecanismos de solicitude de entrevistas e reunións informativas locais. Normas e control de calidade da atención aos promotores.
- ☀ Procedemento de xestión de axudas co detalle das fases da tramitación de expedientes:
  - ☀ Solicitude de axuda. Requisitos dos beneficiarios e proxectos subvencionables
  - ☀ Revisión documentación e requirimento de información complementaria
  - ☀ Avaliación do proxecto e elaboración do Informe de Valoración do proxecto.
  - ☀ XUNTA DIRECTIVA: Selección e proposta de resolución
  - ☀ Envío da proposta de aprobación á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
  - ☀ Resolución de axuda da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
  - ☀ Xustificación e pagamento
  - ☀ Seguimento e control
  - ☀ Anexos: Documentos normalizados para a tramitación de solicitudes e notificacións

Exemplos de boas prácticas na definición e execución de proxectos.

Aprobados os PEZ, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos convocará unha orde de axudas para que os promotores presenten proxectos de execución do PEZ. Da Ría de Pontevedra.

Unha vez publicada no DOG a convocatoria de axudas o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra fará efectivas as medidas contempladas no Plan de Difusión para a divulgación e información pública da convocatoria de axudas.





#### Programa de xestión de axudas – Principios na tramitación de axudas

Os principios de actuación constitúen as garantías para o promotor e son recoñecidos a nivel xeral coma a orixe das boas prácticas da xestión dun programa de desenvolvemento.

Na xestión das axudas servirase aos obxectivos xerais do programa e do Grupo de Acción Costeira con obxectividade aplicando os principios de eficacia, eficiencia, cooperación, igualdade e non discriminación, transparencia, publicidade e libre concorrència.

- ☀ Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados
- ☀ Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos
- ☀ Terase especial coidade de transmitir unha información clara, facilmente entendible polo cidadán.
- ☀ En especial, co obxecto de conseguir facer efectiva a transparencia, artellaranse mecanismos de información aos cidadáns co obxecto de eliminar calquera imaxe de opacidade ou inaccesibilidade que xere desconfianza. Para iso recorrerase ao emprego das técnicas informáticas e telemáticas que poden facilitar en grande medida os mecanismos de información á sociedade civil. En particular, disporase dunha páxina web na que se recolla tanto información sobre o programa, a convocatoria de axudas, formas de participación, así como todos os formularios de presentación de oficios e, de conseguirse un procedemento fiable de rexistro, un sistema de comunicación.
- ☀ Prestarase especial coidado na información sobre os servizos que presta a entidade, a estrutura orgánica e funcional así como a súa sede estable e puntos de información local que se establezan no territorio.
- ☀ No que respecta as axudas publicarase:
  - ☀ unha relación actualizada de liñas de axuda con indicación do importe da anualidade, o seu obxectivo e a descrición dos posibles beneficiarios.
  - ☀ O texto íntegro da convocatoria de axudas
  - ☀ As concesións das axudas dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación ou publicación, indicando unicamente a relación dos beneficiarios e o importe das axudas.





#### Condición dos beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas do programa de acción costeira na Ría de Pontevedra:

Persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas (pemes), que presenten un proxecto adecuado ao PEZ, para desenvolver no ámbito territorial de actuación.

#### Condición dos proxectos

ADECUADOS Á ESTRATEXIA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

LOCALIZADOS NO AMBITO TERRITORIAL ELIXIBLE.

VIABLES TÉCNICA, ECONÓMICA E FINANCEIRAMENTE

AXUSTADOS Á NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN

FINALISTAS, QUE CUMPRAN OS OBXECTIVOS NA CERTIFICACIÓN FINAL DOS INVESTIMENTOS

INNOVADORES, TECNOLÓXICAMENTE OU COMO EXPLORACION DE NOVOS XEITOS DE ENFRONTARSE AOS RETOS DO TERRITORIO





#### III.4.- GASTOS DE XESTIÓN

Segundo queda reflectido na Orde do 17 de xullo de 2008 para a selección dos grupos de acción costeira, os gastos das actividades directamente executadas polo Grupo son subvencionables ao 100 % e serán como máximo, do 20 % do orzamento total establecido no PEZ distribuídas nos capítulos de gastos de funcionamento e gastos de sensibilización e promoción. O importe máximo de cada un destes capítulos é do 10 % do orzamento total do PEZ.

##### III.4.1.- GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

#### Sede do Grupo

A asociación estebeleceu a súa sede de forma provisoria na Casa do Concello de Marín, mais acordouse solicitar á Autoridade Portuaria de Marín a cesión dun Departamento de Armadores nas instalacións portuarias (Achégase Anexo III.4. Solicitud de cesión ou prema aquí). A sede do GAC identificarase como entidade colaboradora da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e darase a coñecer as fontes de financiamento.

#### Equipo de Xestión

A Guía de Aplicación do eixe 4 recomenda como equipo mínimo para a xestión de programas de desenvolvemento unha dotación de persoal composta por un director de grupo cualificado – xerente – e un auxiliar administrativo.





Este equipo garante a realización das funcións de atención aos promotores e os compromisos de xestión do programa que o Grupo asume coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos unha vez que sexa recoñecido como GAC.

Sen embargo, tendo en conta a carga burocrática na xestión do programa parece recomendable incrementar esta dotación mínima de persoal cun técnico de apoio á xerencia que poida adicarse a tarefas de dinamización e xestión e, en particular, as tarefas de seguimento e control dos proxectos xa que en aplicación do principio de separación de tarefas convén que este actividade se realice por persoa distinta á que realizou o acompañamento do promotor durante a execución e, fundamentalmente, a certificación do expediente.

Como condición indispensable para o funcionamento deste equipo está a experiencia previa en xestión financeira e administrativa deste tipo de programas. É por isto que o Grupo de Acción Costeira da Ría de Pontevedra recorreu á Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II – Comarca de Pontevedra para o asesoramento na posta en marcha do proceso constituínte do grupo primeiro, para a elaboración do Plan estratéxico Zonal, despois e que se traballe no establecemento dun convenio de colaboración con esta entidade para a xestión do programa de xeito que a experiencia acumulada polo equipo xestor do programa PRODER II da Comarca de Pontevedra se aproveita na xestión deste novo programa de desenvolvemento territorial.

Existen vantaxes complementarias desta opción como son a disposición na ADR de persoal complementario como un axente de emprego que pode realizar tarefas complementarias de asesoramento a promotores e un técnico en medio ambiente que pode asesorar e valorar as implicacións ambientais dos proxectos que se presenten.

Así mesmo, xa que a actividade fundamental é a tramitación do programa de fondos públicos resulta necesario dispor dunha asistencia técnica para o asesoramento externo en procedemento administrativo para a tramitación dos expedientes de axuda.

As funcións a desempeñar polo persoal son as seguintes:





- XERENCIA:**
- Aplicación da estratexia de desenvolvemento territorial, xunto cos axentes socioeconómicos do territorio
  - Coordinación da parte administrativa e de xestión do programa.
  - Coordinar coa Rede de Técnicos de Apoio o Servizo de Atención e Orientación a Promotores.
  - Levantamento de actas de non inicio e seguimento de execución de expedientes
  - Coordinación da elaboración de informes técnicos e económicos
  - Dinamización do territorio, incluíndo o impulso de iniciativas e proxectos do programa.
  - Control do orzamento.
  - Informar á Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

- TÉCNICA/O EN DESENVOLVEMENTO:**
- Colaborar na xestión do programa.
  - Colaborar na animación e impulso de proxectos a través do Servizo de Atención e Orientación a Promotores.
  - Colaborar na vertebración do tecido asociativo da poboación comarcal.
  - Apoiar á xerencia na realización da contabilidade da asociación.

- AUXILIAR ADMINISTRATIVA/O:**
- Colaborar na organización de reunións e eventos,
  - Realización de tarefas administrativas, con coñecementos de ofimática de xestión.

Se fose necesario, contarase con profesionais cualificados nos diversos sectores ou actividades económicas propias do medio rural, que constituirán unha estrutura de asesoramento e apoio técnico naquelas iniciativas de carácter sectorial que xurdan durante o transcurso do proxecto. Este persoal poderá contratarse ben por contratación directa ou ben por asistencia técnica cando se trate de aspectos puntuais como servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables. Estas asistencias técnicas eventuais incorporaranse á Rede de Técnicos de Apoio.






#### ORGANIGRAMA: A rede de técnicos de apoio

Como equipo asesor de apoio á xerencia no desenvolvemento e dinamización do programa, contarase cos Técnicos Locais de Emprego dos Concellos e entidades asociadas ao GAC que dispoñen deste perfil na súa organización coma é o caso de diversas organizacións empresariais. Tamén os técnicoe e persoal administrativo das confrarías incorporaranse a esta rede. Estes técnicos actuarán como Antenas Locais do programa e constituirán a Rede de Técnicos Locais de Apoio.

A xerencia manterá reunións aló menos bimensuais coa Rede de Técnicos Locais de Apoio para avaliar a marcha do programa, o axuste do Plan de Difusión a marcha das convocatorias de axudas e a dinamización de proxectos.

Ademais está previsto a participación na Rede de Técnicos Locais de Apoio ao GAC doutros técnicos municipais (medio ambiente, servizos sociais, atención á muller, mocidade,...) A súa función é ademais do apoio na difusión do programa, tamén na atención personalizada aos promotores.







#### ORGANIZACIÓN DAS TAREFAS DE CONTROL E SEGUIMENTO DE PROXECTOS

É convinte que as tarefas de control e seguimento de proxectos recollidas no Plano de Control sexan asignadas a un técnico diferente do que realizou as tarefas de dinamización e seguimento da execución do proxecto, en aplicación dun principio de segregación de funcións polo que resulta recomendable a disposición dun terceiro membro da equipa de xestión encargado destas funcións.

#### MEDIOS TÉCNICOS: EQUIPAMENTO DA ASOCIACIÓN

O Grupo de Acción Costeira acordou establecer a súa sede social de xeito provisional na Casa da Concello de Marín – Avda de Ourense s. n. Marín -, inda que tamén se acordou solicitar á Autoridade Portuario de Marín a cesión dun Departamento de Armadores nas instalacións portuarias.

A Asociación poderá dispor alí de despachos independentes para o persoal, e dunha sala de reunións. Pola súa localización e distribución constitúe un centro ideal para situar a unidade técnica do GAC.

A Asociación disporá alí dos medios necesarios para a correcta xestión do programa: liña telefónica, conexión a internet mediante liña ADSL, ordenadores para todos os postos de traballo, con impresora - fotocopiadora, e impresora multifunción, cámara fotográfica, ademais do correspondente mobiliario para tres postos de traballo.

#### ANEXO C.1. PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACION COA ADR



#### III.4.1.- GASTOS DE FUNCIONAMENTO.

Acompáñase unha previsión de gastos de funcionamento do Grupo baseada na experiencia dos gastos de xestión do programa PRODER II – Comarca de Pontevedra.

Os custes de persoal están contabilizados sobre a referencia do soldo do actual equipo de xestión do programa PRODER II e prevese un incremento anual a partir da estimación do incremento anual do IPC e prevese unha partida alzada para custes de asistencia técnica.

Os custes de subministros están tamén calculados a partir dos custes de xestión do programa PRODER II – Comarca de Pontevedra.

Destínase unha partida inicial á posta a punto das instalacións e a adquisición de mobiliario e equipamento técnico o que fai que o primeiro ano os custes de xestión sexan máis elevados que os seguintes. Non se contemplan custes de aluguer da sede do Grupo xa que nas conversas previas mantidas coa Autoridade Portuaria non se falou en ningún momento de pagamento pola disposición do Departamento.

PARTIDAS ORZAMENTARIAS	PREVISIÓN 2009	PREVISIÓN 2010	PREVISIÓN 2011	PREVISIÓN 2012	PREVISIÓN 2013	PREVISIÓN TOTAL
I. Gastos de persoal do equipo xestor	43.972,5	44851,95	45748,989	46663,97	47597,25	228.834,66
II. Subministros exteriores	15.777,5	14.418,4	14.703,1	14.896,4	14.361,57	74.157,03
III. Material informático, telemático e de reprografía	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00
IV. Mobiliario e equipos de oficina	6.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6.000,00
V. Inmobbles e locais	1.000,00	500,00	500,00	500,00	500,00	3.000,00
VI. Outros gastos diversos (especificar)	32.000,00	3.481,65	2.205,96	1.00,00	500,00	8.187,61
<b>TOTAL GASTO PÚBLICO</b>	<b>111.600,00</b>	<b>65.100,00</b>	<b>65.100,00</b>	<b>65.100,00</b>	<b>65.100,00</b>	<b>372.000,00</b>





## III.4.2.- GASTOS DE DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN.

Acompáñase tamén unha previsión de gastos de difusión e sensibilización do Grupo baseada na experiencia dos gastos de xestión do programa PRODER II – Comarca de Pontevedra e na previsión de actuacións a desenvolver realizada nas reunións sectoriais de elaboración da candidatura e no propio Plan de Información e Publicidade que se inclúe neste programa.

En particular contémpanse accións formativas a desenvolver cada ano, de igual xeito que todos os anos deberá realizarse unha campaña de comunicación que como complemento das actividades de avaliación transmitan á sociedade as actuacións que se están levando a cabo polos axentes do territorio.

Tamén, se inclúe a organización dunha festa de exaltación dos produtos da terra e do mar de carácter anual e rotatorio por todos os concellos que integran o territorio.



Gastos Difusión e Sensibilización	Tipo de proxecto	Gasto Público						Total Gasto Público
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	
Imaxe corporativa, web e sinalización	NP		6.000,00	0,000	0,00	0,00	0,00	6.000,00
Campaña de comunicación	NP		11.980,40	12.00,00	12.000,00	12.000,00	6.000,00	53.980,40
información directa das axudas:	NP		31.980,00	32.939,40	33.927,58	34.945,41	35.993,77	169.786,16
Actividades e viaxes formativas	NP		20.000,00	10.000,00	6.000,00	4.000,00	1.396,43	41.396,43
Feira MARIDAXE TERRA - MAR: demostrativa de produtos tradicionais	NP		0,00	25.000,00	25000,00	25.000,00	25.000,00	125.000,00
			69.960,40	79.939,40	76.927,58	75.945,41	68.390,20	371.163,00





#### III.5.- PLAN DE AVALIACIÓN

É necesario que o Programa contemple un mecanismo de control y avaliación dos seus resultados. As súas liñas xerais recóllense aquí.

#### PLAN DE AVALIACIÓN

Calquera planificación estratéxica que se desenvolva debe incluír un mecanismo de autoavaliación para poder dar conta da obtención ou non dos resultados agardados. Estes resultados deben poder ser cuantificados a través de indicadores que permitan obter conclusións sobre o cumprimento dos obxectivos do programa.

Ademais o Plan de Avaliación debe contemplaran tamén a realización da avaliación intermedia e a avaliación *a posteriori* obrigadas nos proxectos vinculados ao Fondo Europeo de Pesca.

Deste xeito, en particular, establécese:

- Un sistema de avaliación continua
- Un informe intermedio
- Un informe a posteriori





#### SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTÍNUA.

Ten como obxectivo examinar os avances dos programas en relacións cos seus obxectivos, mellorar a calidade dos programas e a súa aplicación, examinar propostas de modificación dos programas e preparar a avaliación intermedia e a posteriori. Tamén contribúe a facilitar a realización dos informes intermedio e a *posteriori* obrigatorios no desenvolvemento do programa.

Con carácter cando menos semestral realizarase unha avaliación dos indicadores do programa co obxecto de realizar a reformulación e adaptación das axudas á estratexia.

Os resultados de todas as avaliacións periódicas serán publicados na páxina web e por outros medios que se estimen convenientes.

#### CONTIDO DAS AVALIACIÓNS

As avaliacións conterán a revisión dos indicadores de execución que deberán ser, alomenos:

**- De execución financeira.**

Comprometido/previsto.

Pagado/previsto.

Efecto multiplicador.

Gasto e número de proxectos.

Número de beneficiarios finais dos pagos.

Ratio Investimento total/nº de empregos.





#### - De execución física:

Todos aqueles indicadores de realización e resultados acadados (nº de beneficiarios, nº de empresas creadas ou ampliadas, nº de proxectos aprobados, en curso e terminados totais e por actividade, nº de aloxamentos creados, etc.).

#### - De emprego:

Número de empregos xerados por sexos e grupos de idade.

Número de empregos consolidados por sexos e grupos de idade.

Modalidades de contratación.

Incluiranse de xeito particular os indicadores relacionados coa difusión do programa e o seu calado social:

- Rexistros de demanda de información.
- Rexistro de todas e cada unha das reunións e entrevistas persoais con promotores.
- Rexistro de reunións de mesas sectoriais.
- Rexistro de reunións con asociacións e cooperativas do territorio.
- Enquisas entre a poboación local.
- Caderno de campo, no que se rexistrarán os controis periódicos sobre a evolución dos proxectos concretos.
- Rexistros de control interno para a avaliación do cumprimento dos obxectivos previstos, así como a temporización dos mesmos e as horas invertidas en cada unha das actividades e/ou proxectos.

Os indicadores poderán ser incrementados ou cambiados en calquera momento á vista da execución da iniciativa e do tipo de accións incluídas nela.





#### AVALIACIÓN OBRIGATORIAS

**Realizarse unha avaliación intermedia e a posteriori que recollerán os datos da avaliación continúa.**

#### **Avaliación intermedia**

Ao finalizarmos 2010 realizarase un informe de avaliación intermedia que ademais de revisar o cumprimento dos obxectivos do programa e a partir dos resultados obtidos, propondrá medidas destinadas á mellora do programa.

#### **Avaliación a posteriori**

En 2013, ao seu remate, realizarase dun informe de avaliación a posteriori.





#### III.6.- PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Por outra banda, realizarase o seguimento e control dos proxectos subvencionados tanto a través do Servizo de Atención e Orientación a promotores como, e de forma independente, a través dun programa de Control de proxectos que implemente o equipo técnico do programa.







## III.7.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

O Grupo de Acción Costeira Ría e Pontevedra, en caso de ser seleccionado como GAC, someterase á normativa de ámbito comunitario, nacional e autonómico que a continuación se cita, sen menoscabo de toda aquela que puidera aprobarse a partires deste momento e durante o transcurso do programa.

### NORMATIVA DA UNIÓN EUROPEA

- ☀ Regulamento CE 1198/2006, do 27 de xullo de 2006, do Fondo Europeo de Pesca.
- ☀ Recomendación da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.
- ☀ MAPA DE AXUDAS REXIONAIS 2007-2013 20 12 2006 .Axuda estatal Nº 626/2006 - España. Mapa de axudas rexionais 2007-2013.

### NORMATIVA DE ÁMBITO ESTATAL

- ☀ Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, de 30 de decembro.
- ☀ Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- ☀ Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.





#### NORMATIVA DE ÁMBITO ESTATAL (continuación)

- ☀ Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- ☀ Lei Orgánica 15/99 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal
- ☀ Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999

#### NORMATIVA DE ÁMBITO AUTONÓMICO

- ☀ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto á súa condición de entidade colaboradora, sen prexuízo do resto de normativa aplicable.
- ☀ Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ☀ Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- ☀ Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.
- ☀ Lei 7/2004 galega para a igualdade de mulleres e homes.
- ☀ Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- ☀ Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- ☀ Directrices de ordenación do territorio de Galicia.





## IV.1.- MECANISMOS PARA GARANTIR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: PLAN DE IGUALDADE

Todas as actuacións que se contemplan están construídas sobre dúas premisas fundamentais: a protección e conservación do medio ambiente e medidas de diversificación económica adaptadas ao sector pesqueiro e, en particular, aos colectivos prioritarios no desenvolvemento do plan: as mulleres e a mocidade. O afán de integración e apoio a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres tradúcese en medidas concretas, en particular, nos seguintes puntos:

- ☉ ESTATUTOS
- ☉ CRITERIOS DE VALORACIÓN DE PROXECTOS
- ☉ PLAN DE IGUALDADE

### ESTATUTOS

#### **Artigo 5. Fins e actividades**

1.- O GAC ten como obxecto social colaborar na gobernanza da zona, ... para acadar os seguintes fins:  
... "c. Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás **mulleres** á protección do medio ambiente e á creación de emprego e artellando unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico".

... "Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GAC: ....c. Impulsar o exercicio profesional dirixido a **fomentar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e homes**, ademais de desenvolver e aplicar con disciplina, tanto o saber científico relativo ás relacións de **igualdade de oportunidades humano-sociais**, como os servizos destinados a satisfacer as **necesidades e aspiracións das mulleres**, tendo en conta a **promoción da igualdade de oportunidades**".

Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, **as mulleres novas** e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector."





### IV.1.- MECANISMOS PARA GARANTIR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:

#### “Artigo 15. Da Xunta Directiva.

...2. A persoas que ostenten os diferentes cargos da Xunta Directiva son nomeadas na Asemblea Xeral a proposta de cada un dos sectores segundo a seguinte representatividade: .... b) Tres representantes sociais, un por cada seguinte colectivo, un deles representante das asociación de mulleres”.

#### “Artigo 23. Mesas sectoriais

1.- Os asociados integrados na asemblea xeral organizaranse en catro mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos: ... b) **Sector social:** integrarán este sector as asociacións socio - culturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas, educativas e as **asociacións de mulleres** e outras similares”.

### CRITERIO DE VALORACIÓN DE PROXECTOS

Na valoración dos proxectos recollidos no PEZ establecéronse criterios de discriminación positiva da muller para a promoción no desenvolvemento de proxectos tanto produtivos como non produtivos:

☀ **Proxectos produtivos:** Nos proxectos produtivos, 12 puntos se refiren a criterios de igualdade de xénero: CRITERIOS DE VALORACIÓN DE PROXECTOS

☀ **“Proxectos non produtivos:** Nos proxectos non produtivos 8 puntos son reparten en función de criterios de igualdade de xénero:





## PROXECTOS PRODUTIVOS

- **Características do promotor do proxecto:** Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos

<i>Persoas con discapacidade ou en risco de exclusión</i>	<i>Mulleres</i>	<i>Homes menores de 25 anos</i>
5	4	3

- **Incidencia no emprego:** Creación de emprego en colectivos

<i>&gt; 50 %</i>	<i>25 – 50 %</i>	<i>&lt; 25 %</i>
8	4	0

## PROXECTOS NONPRODUTIVOS

- **Características do promotor e ámbito de actuación:** Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos

<i>Paridade nos órganos directivos (40 – 60)</i>	<i>Paridade na representación societaria (40 – 60)</i>	<i>Entidade de economía social</i>
2	2	4

Ademais, nos proxectos de dinamización do sector pesqueiro as accións de comunicación dos proxectos estarán orientadas aos colectivos prioritarios de mulleres e mocidade xa que para que as accións sexan sostibles, é dicir, teñan continuidade no tempo, se necesita da implicación destes colectivos.





### IV.1.- MECANISMOS PARA GARANTIR A APLICACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: PLAN DE IGUALDADE

Ten coma obxectivo integrar a perspectiva de xénero nas accións do programa estratéxico zonal.

O Plan de Igualdade desenvolverase polo equipo técnico do GAC en colaboración coas técnicas dos servizos municipais de información á muller – que integrarán a equipa de apoio en Igualdade - e aquelas entidades asociadas interesadas en participar no equipo que será o órgano encargado de propor para a súa aprobación en Xunta Directiva o Plan de Igualdade.

Tamén cando o solicite a equipa técnica do GAC o equipo de apoio en Igualdade avaliará a perspectiva de xénero nos proxectos que se presenten á convocatoria de axudas como criterio puntuable dos mesmos.

Será tamén obxectivo do Plan de Igualdade definir mecanismos de cooperación coas entidades que forman parte do GAC para a aplicación da perspectiva de xénero na sociedade.

### ÁREAS DE ACTUACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

**Son materias básicas a abordar polo Plan de Igualdade as seguintes:**

**Información:**

É un obxectivo do Plan transmitir información sobre a situación das mulleres, a súa posición na sociedade, cun obxectivo múltiple:

☀ visibilizar a desigualdade

☀ ofrecer información sobre os recursos existentes para mulleres. Esta información pode incorporarse a un folleto específico sobre as axudas dirixido ás mulleres como colectivo prioritario do programa.





### **Formación e emprego:**

**O PEZ contempla varios proxectos de formación que teñen como obxectivo capacitar á poboación para desenvolver actividades empresariais. En todos estas accións formativas incorporárase un módulo adicado á muller**

Tamén terase en conta:

- Creación de servizos e infraestruturas para a conciliación
- Cursos de novas tecnoloxías para mulleres
- Divulgar a creación de empresas promovidas por mulleres potenciando a creación de redes de colaboración.

### **Empoderamento da muller nas entidades do sector pesqueiro:**

- Dinamizar a participación das mulleres nas entidades xa existentes no territorio, ademais da constitución de novas entidades con personalidade xurídica propia.
- Apoio e formación de mulleres para ocupar cargos de responsabilidade nas organizacións, en especial, as directamente relacionadas co sector pesqueiro.

### **Fomento na linguaxe non sexista:**

**En todos os documentos que emita o GAC, naqueles para difusión do programa en especial, terase coidado de empregar unha linguaxe non sexista.**





### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

O principal elemento innovador do Plan Estratéxico Zonal é que nace como resultado dun proceso participativo de todo o territorio. Logo dun proceso informativo e da constitución dunha xestora como axente dinamizador e a través de reunións sectoriais, seguidas de reunións conxuntas de posta en común de todas as partes –xestora-, chegouse a concretar as aspiracións de desenvolvemento a partir do principio da sostibilidade.

A innovación deste proceso concrétase en dous eixes : a formulación do programa e as súas accións.

#### A FORMULACIÓN

O enfoque LEADER víñase aplicando en Galicia ós Programas de Desenvolvemento Rural dende hai tempo, pero é a primeira vez que se aplica directamente sobre o sector pesqueiro e as poboacións costeiras e sempre dende a perspectiva do desenvolvemento sostible nas súas vertentes social económica e ambiental.

En todo momento do proceso constituínte a filosofía de traballo LEADER foi a que guiou o proceso, aberto á participación de todos os axentes do territorio en aplicación do principio de portas abertas, de tal maneira que a totalidade de entidades do territorio das que se tiña coñecemento foron invitadas a participar grazas a colaboración dos Concellos que fixeron a labor de difusión a todo o tecido asociativo censado no territorio. Foron convidadas a participar persoalmente ou mediante carta e/ou correo electrónico, a través dos/as técnicos dos concellos do GAC 6 e o equipo técnico da ADR PRODER II Comarca de Pontevedra . Tamén o proceso que se desenvolveu de forma paralela de creación do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra – Morrazo serviu para dinamizar a participación neste novo programa de acción costeira, contribuíndo de xeito significativo a crear unha dinámica participativa na poboación.







## IV. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ

129

### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

Outro elemento innovador da formulación deste programa é que se traballou en contacto directos cos sectores económicos e sociais do territorio en reunións de traballo e a través das ferramentas telemáticas, en especial o correo electrónico, de tal xeito que se intercambiou información e documentación de xeito rápido e eficaz.

O proceso constituínte do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra rematou coa celebración da Asemblea Xeral Constituínte o 2 de outubro de 2008. Nela participaron máis de cincuenta representantes de entidades do territorio de actuación e aprobáronse todos os puntos da orde do día por amplas maiorías.

Deste xeito, o Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra é unha entidade que aglutina a concellos, confrarías, asociacións; profesionais, de produtores, empresariais, igualdade de xénero, culturais, veciñais, etc. de todo o territorio de actuación o que a converte na entidade máis representativa da diversidade de intereses e colectivos destes territorios nos asuntos relacionados co sector pesqueiro.

#### AS ACCIÓNS

O carácter innovador do PEZ e do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra en canto ás accións se refire reside en tres elementos distintivos con respecto a calquera axuda pública ou privada que reciba o sector:

1. A totalidade de entidades representativas do territorio decide que é o prioritario e que achega maior valor engadido ó desenvolvemento sostible do seu territorio, nas súas vertentes social, económico e ambiental
2. As sinerxías que se crean entre os diferentes sectores e entidades permiten crear unha rede de apoio ós proxectos e servir como caldo de cultivo de novos proxectos e iniciativas fundamentadas na colaboración entre sectores e entidades.
3. A existencia dun equipo técnico especializado no desenvolvemento e execución dos proxectos, recollidos ou non no PEZ, tanto de carácter produtivo como non produtivo, contribúe a enriquecer os proxectos e resolver dificultades e cuestións propias do inicio e execución do programa



### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

Outro elemento innovador da formulación deste programa é que se traballou en contacto directos cos sectores económicos e sociais do territorio en reunións de traballo e a través das ferramentas telemáticas, en especial o correo electrónico, de tal xeito que se intercambiou información e documentación de xeito rápido e eficaz.

En particular, o carácter innovador que o PEZ da Ría de Pontevedra engade aos eixes do programa a través das accións explícanse a continuación.

#### EIXE 1: Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro

**Plataforma de compra –venta para o sector pesqueiro:** Este innovador proxecto xurde do feito de non existir na Ría de Pontevedra unha plataforma que aglutine as compras de subministro do sector permitindo o aforro de custes, así como a venda por xunto das producións do sector coa conseguinte mellora de marxes de venda. Esta iniciativa apoiárase nas novas tecnoloxías da información e da comunicación para a súa óptima xestión





### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Marca de Calidade do territorio:** Non existe no territorio un selo de calidade que identifique de cara ós consumidores a localización dentro da Ría de Pontevedra, polo que esta iniciativa será innovadora no territorio. Este proxecto resulta de vital importancia para o deseño e aplicación dunha comercialización óptima das producións e servizos da Ría de Pontevedra.

**Fomento da investigación para a mellora do sector acuícola e marisqueiro:** Esta investigación que non existe na actualidade sobre variables e cuestións para os diferentes sectores produtivos. Deste xeito permitirase que o sector teña un mellor coñecemento dos seus recursos e das súas posibilidades comerciais, así como mellorar a explotación comercial dos mesmos sempre dende a sostibilidade económica, social e ambiental, evitando a sobreexplotación e perda de recursos, ou incluso, a recuperación dalgúns xa perdidos para a súa explotación comercial .



### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

#### EIXE 2: Promoción económica

**Fomento empresas de turismo activo:** Permitindo ós/ás profesionais do mar e as súas poboacións o aproveitamento económico dos recursos endóxenos do territorio dun xeito sostible e ampliando a actividade económica cara outras actividades compatibles co medio ambiente e as prácticas tradicionais de explotación dos recursos .



**Planta de tratamento de algas para compostaxe:** Deste xeito innovador poñerase en valor un subproduto do territorio, achegarase valor económico e, ó mesmo xeito, contribúese a solucionar a xestión dos residuos das limpeza de praias, da actividade extractiva, etc .





### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Creación de rutas mariñeiras para o turismo:** Dende unha perspectiva innovadora poñerase en valor os amplos recursos paisaxísticos e medio ambientais da Ría de Pontevedra, o mesmo tempo que os valores culturais dos pobos e vilas que nela viven. Un elemento diferenciador desta iniciativa reside en que se vai facer uso das novas tecnoloxías para deseñar rutas que poidan ser descargadas e que calquera persoa dispoña dos track de información completa da ruta para usar en calquera dispositivo móbil, como poden ser teléfonos, PDA, etc



#### EIXE 3. Mellora do entorno natural e a calidade medio ambiental

**Empresa de valorización de residuos da acuicultura:** A acuicultura é unha actividade con grande pulo e perspectivas de crecemento futuro en Galicia polo que as actividades económicas de aproveitamento dos subprodutos procedentes destas actividades contribúen de xeito decisivo ó mantemento da calidade medio ambiental da Ría de Pontevedra, ademais de ser un procedemento innovador de creación de riqueza e emprego no mesmo.





### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Observatorio de medio ambiente da ría na illa de Tambo:** Na actualidade este espazo ofrece grandes posibilidades de cara o aproveitamento dun enclave tan extraordinario, que permitirá a posta en valor do mesmo para crear un observatorio único da Ría de Pontevedra o mesmo tempo que se fai unha labor divulgativa da importancia económica, social e sobre todo medio ambiental da Ría de Pontevedra en xeral, e da Illa de Tambo en particular. Converterase deste xeito nunha institución con grande capacidade atractiva para visitantes e estudosos de Galicia e mesmo da Unión Europea .



#### EIXE 4. Promoción da cohesión social

**Infraestruturas de recreo:** Non existe no territorio unha Rede de Carrís Bici conectados entre si que permitan o uso pola cidadanía deste tipo de transporte sostible, tanto para un uso lúdico ou como de mobilidade, con garantías de seguridade. Ademais de permitir a cohesión do territorio e a visión do mesmo como un todo interconectado, mellorando a mobilidade dos/as cidadáns/as das vilas e pobos da ría de Pontevedra .





## IV. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ

135

### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Catálogo de patrimonio mariñeiro:** Recoller a variedade cultural e dos elementos patrimoniais distintivos das poboacións da Ría de Pontevedra é de grande importancia para o mantemento das mesmas, ademais de ser o primeiro paso para a súa posta en valor. Pois o coñecemento e difusión entre os/as cidadáns/as e as institucións impulsa o nacemento de iniciativas, tanto de carácter produtivo como non produtivo, de posta en valor dos recursos endóxenos .

Un elemento fundamental e innovador do proxecto e a recollida sistemática e informatizada da información o que permite a transmisión rápida e eficaz da documentación, así como a elaboración de tracks de información para que sexan descargados polos/as cidadáns/as do territorio ou polos/as turistas que o visitan, incrementando de xeito notable a utilidade e usabilidade da mesma.

#### EIXE 5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías

**Fomento da mobilidade náutica:** Este proxecto permitirá a poboación dos pobos e vilas costeiras o aproveitamento da Ría de Pontevedra para o desprazamento regular de persoas, cobrando especial relevancia na época estival pois ós turistas, en particular, poderán visitar ás praias sen ter que soportar os atascos de acceso ás mesmas, e reducindo de xeito significativo a conxestión das estradas costeiras e co conseguinte aforro enerxético, económico e ambiental que desta iniciativa se deriva.





## IV. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEZ

136

### IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Fomento da comunicación por internet entre as asociacións e o propio GAC:** Na actualidade as entidades do territorio non teñen un medio dinámico e barato de comunicación entre elas que lles permite coordinarse e mellorar a aplicación das súas accións. Deste xeito crearase un servizo de grande importancia e innovación pois non existe na actualidade no territorio, e contribuirá de xeito significativo o incremento da eficacia das iniciativas, recollidas ou non no PEZ, da ría de Pontevedra.

#### EIXE 6. Fomento da igualdade de oportunidades

**Fomento da conciliación para a muller mariscadora e as redeiras: ludoteca, ...:** As iniciativas recollidas dentro da medida de “*Fomento da igualdade de oportunidades*” estrutúranse dentro do Plan de Igualdade para todo o territorio do GAC Ría de Pontevedra, plan que hoxe en día non existe

Ademais, o carácter innovador da iniciativa reside en que se procuran solucións prácticas para este colectivo de mulleres a través de servizos que permitan a conciliación real da vida familiar e laboral, contribuíndo a loitar contra a imposibilidade das mulleres do mar para adquirir novas responsabilidades e emprender novas iniciativas empresariais.







## IV.2.- ENFOQUE INNOVADOR DA ESTRATEXIA E DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

**Formación para o fomento da muller como empresaria:** O Plan de Igualdade da Ría de Pontevedra debe ter, entre outros, como elemento clave, a formación, para mudar os hábitos de vida que establecen restriccións invisibles para que a muller poda desenvolver as súas capacidades como persoa tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Este proxecto, resulta profundamente innovador para traballar en prol de igualdade de oportunidades no territorio, a favor dun colectivo de mulleres en situación moi deficitaria no que a igualdade de oportunidades se refire.



### EIXE 7. Fomento da cooperación e da participación

**Programa de intercambio comercial e cultural con zonas costeiras doutros países:** Irlanda, Portugal, Un elemento fundamental e moi innovador no territorio é o feito de poder aprender das solucións e iniciativas tomadas noutros territorios que comparten dificultades e problemáticas moi similares ás da Ría de Pontevedra polo feito de que teñen como un dos seus principais motores económicos e sociais o sector pesqueiro e tódalas actividades económicas dependentes del.

Permite incrementar a estima dos/as cidadáns/as e as institucións da Ría de Pontevedra o feito de poder ensinar, a outras institucións e persoas doutros territorios, solucións e iniciativas exitosas no territorio.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

#### A REGULAMENTACIÓN COMUNITARIA

Entre as actuacións de adquisición de capacidades inclúense a difusión do programa no territorio de actuación. Para a ordenada realización das tarefas de difusión, o Plan de Acción Costeira inclúe un Plan de difusión segundo establece a normativa comunitaria.

As actuacións de difusión cumprirán as regras sobre o uso do emblema da Unión Europea e unha referencia ao FEP así como o lema “Investimos na pesca sostible”, segundo se recolle no artigo 33 do Regulamento (CE) nº 498/20076, da Comisión, do 26 de marzo de 2007 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006, do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.

Enténdese como adquisición de capacidades xa que ao tratarse dun grupo novo é necesario dalo a coñecer, informar dos seus obxectivos e liñas de actuación así coma do principio de portas abertas polo que calquera entidade con actividade no territorio que o desexe pode incorporarse ao grupo.

O Plan de Información, Publicidade e Transferencia estrutúrase en diferentes partes en función dos actores que deben realizar as actuacións de difusión:

- 1 Actuacións do GAC de adquisición de capacidades
- .2. Actuacións dos beneficiarios.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

#### 1. A ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES DO GRUPO

• **Elaboración dunha imaxe corporativa do novo grupo. Incluirá:**

- Logo da entidade impreso xunto cos datos de contacto da mesma en toda a papelería da entidade.
- Tótems informativos de sinalización do territorio en núcleos de poboación do territorio elixible, con espazo para incorporar sucesivos paneis informativos. Da experiencia do programa pasado observouse que os carteis informativos colocados en estradas no perímetro do territorio elixible non teñen ningún resultado positivo na dinamización do territorio polo que se optou por seguir outra estratexia: converter os tótems de sinalización do territorio en elementos informativos e dinámicos preto dos lugares de paso e estancia da poboación. Deste xeito servirán para dar a coñecer tamén as convocatorias de axudas do programa de desenvolvemento rural e as accións formativas e informativas que o grupo realice.

**2. Páxina web do GDR** con información do programa de acción costeira e convocatoria de axudas, actualizada permanentemente. Terá alomenos os seguintes apartados: a Asociación, o programa de acción costeira, proxectos subvencionados ao abeiro do programa, convocatoria de axudas, outros proxectos do GAC, novas. O mesmo Plan de Comunicación do PEZ estará a dispor dos interesados na páxina web do GAC e tamén facilitaráselle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e, no caso de ser requirido, o GAC facilitará información á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para que poida incorporar información do grupo a súa propia páxina web.

**3. Web mails ou correos electrónicos personalizados** con banners con mensaxes específicas.

**4. Elaboración blog informativo** sobre o Eixe 4 do FEP e as súas actuacións no territorio.

**5. Sinalización e deseño da oficina técnica do GAC** para que sirva como referente informativo do desenvolvemento socioeconómico da zona costeira. -Dar a coñecer a sede do GAC mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións financiadoras (Unión Europea-Fep, Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e Agader), segundo a normativa aplicable en cada caso, no material impreso que use o GDR e nas actuacións promovidas por este cando requiran cartel. A placa identificativa das oficinas deberá mencionar, cando menos, o nome do GDR, o programa Leader, os logotipos das administracións financiadoras e o lema sostibilidade social, económica e ambiental.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

Estabélense dous tipos de medidas de difusión das axudas do programa PEZ 2007 – 2013 no GAC 6:

- Medidas dirixidas a colectivos específicos
- Medidas informativas e publicitarias dirixidas ao público en xeral

#### Medidas dirixidas a colectivos específicos

Os técnicos contratados con cargo ao PEZ para o período 2007-2013, desenvolverán as seguintes tarefas co obxectivo de difundir o programa no territorio de actuación. O traballo farase en dous sentidos moi definidos.

1. Dinamización dos/as socios/as para que transmitan a información nas súas entidades, continuando o labor desenvolvido nas reunións das mesas sectoriais e asembleas xerais para a creación do Grupo de Acción Pesqueira 2007 2013 e a definición do Plan Estratéxico Zonal. O traballo farase en dúas liñas.

**1 Procurarase manter a colaboración establecida no proceso de formación do GAC coas entidades do territorio de actuación (Confrarías, asociacións profesionais, de cooperativas, empresariais, etc.) para facerlles chegar información práctica sobre as axudas aos colectivos cos que traballan habitualmente, especialmente ás mulleres, mocidade e o mundo da dependencia.**

Xuntanzas informativas e divulgativas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, na maior extensión posible, co fin de que o programa sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción. Faranse xuntanzas especiais para colectivos de asesoramento empresarial coma as asesorías e xestorías no ámbito privado de igual xeito que no ámbito público prestarase especial atención aos orientadores/as laborais e técnicos de emprego.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

**Antenas Locais;** Da experiencia da ADR PRODER II – Comarca de Pontevedra, replicarase a figura do Equipo Asesor de Apoio constituído polos axentes de emprego dos concellos integrantes da Asociación que colaborarán cos técnicos do GDR nas tarefas de dinamización e información aos promotores. Preténdese ampliar este equipo de colaboradores a outros profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio coma asistentes sociais, técnicos de medio ambiente, de mocidade e outros. O obxectivo deste equipo é dotar aos técnicos dos concellos das ferramentas e información suficientes para que exerzan como dinamizadores do Programa de Desenvolvemento Rural no territorio.

#### Medidas dirixidas ao público en xeral

As actuacións de información e publicidade terán un dobre obxectivo: por unha banda dar a coñecer a existencia das axudas para que cheguen aos potenciais beneficiarios e, por outra banda, difundir os resultados do programa. En ambos casos, os medios a empregar son os seguintes ambiente, de mocidade e outros. O obxectivo deste equipo é dotar aos técnicos dos concellos das ferramentas e información suficientes para que exerzan como dinamizadores do Programa de Desenvolvemento Rural no territorio.

1. Campaña de comunicación a través dos medios de comunicación. Nos días seguintes a publicación pública da convocatoria de axudas, realizar unha **campaña coordinada de anuncios** na prensa local e provincial, ademais de cuñas informativas na radio local.
2. Ter á disposición do público – ben no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, páxina web do GAC e da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e cantos outros medios arbitre o GAC, información actualizada do PEZ, dos procedementos administrativos a seguir para poder optar ó financiamento, das axudas dispoñibles no marco deste, procedementos de exame das solicitudes de financiamento, condicións de subvencionabilidade e criterios de selección e avaliación dos proxectos que se financien. Con estas normas do GAC para a xestión do programa, convocatorias e demais información relevante como os puntos e persoas de contacto, redactarase o Plan de Xestión do Plan Estratégico Zonal da Ría de Pontevedra.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

3. Elaboración de **notas de prensa e reportaxes** sobre o plan e as súas axudas, ademais de boas prácticas susceptibles de seren subvencionadas con cargo ó Fondo Europeo da Pesca 2007 – 2013, en especial, considérase de interese a difusión das entrevistas a promotores/as de proxectos levados a cabo no territorio de actuación, ou noutros territorios de Galicia que xa se beneficiaran de axudas con cargo a este tipo de programas.

4. Difusión dos informes anuais de seguimento do programa. Anualmente publicarase, (en versión electrónica o impresa) a lista dos beneficiarios de axudas dos programas de desenvolvemento rural, as denominacións das operacións dos importes das axudas públicas asignados a tales operacións. De considerarse conveniente, levarase á práctica as medidas de información a través de todos os medios de comunicación e no nivel territorial pertinente. Tamén poderá recorrer a campañas de comunicación, publicacións impresas ou electrónicas e calquera outro medio que considere idóneo.

#### Material divulgativo do programa de Axudas.

O material divulgativo que se elabore sobre o PEZ terá unha dobre tipoloxía.

1. **Información sobre o programa de axudas** Elaboración de **documentación informativa en formato dixital e impreso para a súa distribución. A tipoloxía do material informativo que se prepare será variada en función dos obxectivos e destinatarios da mesma** .

☀ Elaboración de **folletos informativos** impresos para distribuílos en lugares estratéxicos como viveiros de empresas, asesorías, entidades financeiras, administracións, oficinas das confrarías do territorio, asociacións, etc

☀ **Publicacións sectoriais** de desenvolvemento de cada unha das liñas de actuación do GAC, en especial, editarase **unha publicación dedicada ás mulleres**

☀ Desenvolvemento de **xornadas formativas**, onde se explique o PEZ e se difundan boas prácticas susceptibles de seren subvencionados con cargo o plan, desenvolto tanto no territorio de actuación como noutros lugares de Galicia, España ou da Unión Europea.





### IV.3.- PLAN DE INFORMACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSFERENCIA

**2. Información sobre os resultados conseguidos no territorio.** Difundirase no medio que se estime máis oportuno os resultados da aplicación do PEZ, aló menos con carácter anual. O GAC comprométese a facilitar a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos tanta información requira para a divulgación do PEZ Ría de Pontevedra

#### 2. ACTUACIÓNS DOS BENEFICIARIOS.

• **As medidas propostas para a difusión das axudas que deben realizar os/as beneficiarios/as das mesmas convértense nunha obriga para eles/as da que se deberá deixar constancia no contrato de axuda que se asine** Logo da entidade impreso xunto cos datos de contacto da mesma en toda a papelería da entidade.

Son, por tanto, obrigas dos/as beneficiarios/as as seguintes: No suposto de investimentos en obra civil, mediante a instalación dunha placa cos logotipos das administracións que cofinancian o proxecto e o logotipo de Fondo Europeo da Pesca 2007-2013, segundo o modelo que os GAC facilitarán aos/as promotores/as. Cando os investimentos en obra civil sexan de importe superior a 50.000 € haberá de colocarse un panel publicitario, segundo o modelo que os GAC facilitarán aos/as promotores/as. Este panel manterase visible durante a execución do proxecto e ata a certificación final. No caso das infraestruturas e investimentos por importe superior a 500.000 € este panel terá carácter permanente. Os gastos derivados da instalación de placas e paneis terán a consideración de custo elixible.

Tratándose de estudos, publicacións e outros materiais gráficos, mediante a inclusión dos logotipos das administracións financiadoras e o logotipo de Grupos de Acción Costeira 2007-2013 nas portadas .

• O GAC facilitará aos/as promotores/as os modelos dos carteis, placas ou logotipos para publicitar axeitadamente os proxectos subvencionados.

• As publicacións, carteis, audiovisuais e calquera información ofrecida por medios electrónicos que versen sobre medidas e actividades cofinanciadas por Fondo Europeo da Pesca 2007 2013 indicarán claramente na páxina de portada a participación da comunidade e a contribución do FEP ao financiamento. Os sitios web, ademais, deberán incluír un enlace co sitio web da comisión dedicado ao FEP





#### IV.4.- SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO E DO GAC MÁIS ALÁ DA XESTIÓN DO PROGRAMA.

O enfoque ascendente é un instrumento para reunir organizacións públicas, sociais, económicas e políticas que funcionan nun territorio concreto e crean métodos e hábitos de traballo colectivo - a gobernanza do desenvolvemento local-.

Por outra banda, como xa se constatou na análise DAFO, unha das fortalezas do programa é a ilusión xerada pola creación dunha entidade de converxencia que poder debater sobre a xestión da Ría de Pontevedra, polo que a creación da entidade é realmente oportuna xa que parece encher un vacío detectado pola poboación e en consecuencia unha demanda social.

Por outra banda, a experiencia recollida pola Asociación de Desenvolvemento Rural PRODER II Comarca de Pontevedra na aplicación neste período anterior do Programa de Desenvolvemento Rural PRODER II Comarca de Pontevedra seguindo a filosofía LEADER constata que entidades coa mesma filosofía non morren ao remate do programa senón que, na medida en que se enchen de novos contidos e se renovan os seus obxectivos, mantéñense no tempo. De igual xeito, o GAC Ría de Pontevedra adquirirá as competencias para a gobernanza do territorio no período de aplicación do PEZ Ría de Pontevedra que lle permitirán a súa Xunta Directiva, ao seu equipo técnico e o seu corpo social, en definitiva, aproveitarse do valor engadido do programa co enfoque LEADER, como é o caso do Eixe 4 do FEP, pois este reside fundamentalmente na forma en **cómo se poñen en práctica e se entrelazan as accións, en e por medio das comunidades pesqueiras para un desenvolvemento sostible social, económico e ambiental.**

As competencias adquiridas para a construción de capacidade organizativa das zonas pesqueiras, tamén implica que se desenvolva confianza, experiencia e especialización no Grupo de Acción Costeira, en definitiva **sostibilidade da organización máis alá da aplicación do Plan Estratéxico Zonal da Ría de Pontevedra para o período 2007 – 2013.**







## EQUIPO de REDACCIÓN:

Juan Manuel Cernadas Pintos

Bárbara Cochón Presedo

Marco Antonio García Rodríguez

Saleta González Pimentel

María Eulalia Iglesias Montes

Yudani Pousada Ferradás

María Jesús Rodríguez Freire

Dirección:

Laura Nieto Zas

Nota: suprimíronse neste resumo as referencias bibliográficas que poden consultarse dos documentos anexos que desenvolven os apartados aquí recollidos

***[www.adrproderpontevedra.org](http://www.adrproderpontevedra.org)***  
***[adrproderpontevedra@mundo-r.com](mailto:adrproderpontevedra@mundo-r.com)***

***Teléfono: 986 108 144***

